"1 *bis*. Os consellos de saúde de área están integrados pola representación das seguintes entidades e organizacións:

a) Entidades locais comprendidas na área sanitaria. Garantirase en todo caso a presenza de representantes dos concellos e, singularmente, dos dous concellos de maior poboación.

b) Agrupacións ou federacións de asociacións veciñais con actuación no ámbito da área sanitaria.

c) Organizacións empresariais intersectoriais máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia con presenza na área sanitaria

d) Organizacións sindicais máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia con presenza na área sanitaria

e) O director ou a directora da área sanitaria correspondente, as persoas xerentes dos dispositivos, dos centros e dos establecementos do Servizo Galego de Saúde comprendidos na área sanitaria e, de ser o caso, as persoas representantes dos equipos directivos dos citados dispositivos, centros e establecementos.

f) A persoa responsable de área de saúde pública

g) Un representante da Consellería de Sanidade.

h) Asociacións de pacientes."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº17, ao apartado 1 ter), de Adición.

No punto tres débese engadir un novo número no artigo 25, que quedará redactado co seguinte contido:

"1 *ter*. Os membros dos consellos de saúde de área son nomeados e separados do cargo pola persoa titular da Consellería de Sanidade, por proposta de cada unha das representacións que os compoñen. O nomeamento farase por

un período máximo de catro anos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan ser reelixidas sucesivamente, sempre que conten coa representación requirida."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº18, ao apartado 2, de Modificación.

No punto tres débese modificar o número 2 do artigo 25, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. Son funcións dos consellos de saúde de área, no ámbito da área sanitaria respectiva:

a) Proporlles aos órganos de dirección da área aquelas medidas de carácter sanitario que contribúan a elevar o nivel de saúde da poboación.

b) Coñecer e emitir informe sobre o anteproxecto do plan de saúde ou documento estratéxico da área sanitaria e ser informados da súa avaliación.

c) Coñecer e emitir informe sobre a memoria anual da área sanitaria, para os efectos do seguimento e a avaliación da xestión.

d) Coñecer e emitir informe respecto dos contratos de servizos sanitarios, dos concertos e dos programas de subvencións feitos na área.

e) Propor medidas dirixidas a mellorar a xestión sanitaria.

f) Elaborar e aprobar o seu regulamento de funcionamento interno.

g) Aqueloutras que lles sexan atribuídas por outras leis ou regulamentos."

DITAME DA COMISIÓN:

Catro. Engádese un artigo 25 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 25 bis. *Os consellos de saúde de distrito*

1. Os consellos de saúde de distrito son os órganos colexiados de participación social no ámbito territorial dos distritos sanitarios, conforme o indicado nos artigos 67 e 69.

2. Os consellos de saúde de distrito terán as seguintes funcións:

a) Proporlles aos órganos de dirección do distrito aquelas medidas de carácter sanitario que contribúan a elevar o nivel de saúde da poboación.

b) Coñecer a carteira de servizos e a estrutura organizativa e técnica dos centros sanitarios do distrito.

c) Coñecer os mapas de derivacións, segundo patoloxías, dependendo da carteira de servizos dos centros sanitarios do distrito.

d) Coñecer os investimentos e melloras implantadas nos centros sanitarios do distrito.

e) Elaborar e aprobar o seu regulamento de funcionamento interno.

f) Aqueloutras que lles sexan atribuídas por outras leis ou outros regulamentos.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº4, de Supresión.

Débase suprimir o texto do Título Catro.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº19, de Supresión.

Débase suprimir todo o punto catro.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº4, de Supresión.

Emenda de supresión. Catro

Suprimir o apartado Catro.

DITAME DA COMISIÓN:

Cinco. Engádesse un artigo 26 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 26 bis. Os consellos asesores de pacientes

1. O Consello Asesor de Pacientes de Galicia é o órgano de participación no ámbito territorial galego das asociacións nas que se agrupan os pacientes, e ten como finalidade a mellora da calidade da asistencia sanitaria a través da percepción dos propios pacientes.

2. Nas áreas sanitarias existirán consellos asesores de pacientes de área como órganos de participación das asociacións nas que se agrupan os pacientes no ámbito territorial das respectivas áreas.

3. A composición e o réxime de funcionamento destes órganos estableceranse por orde da consellaría competente en materia de sanidade. Na composición destes órganos procurarase unha composición equilibrada de mulleres e homes.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº5, de Supresión.

Emenda de supresión. Cinco

Suprimir o apartado Cinco.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº5, ao apartado 2, de Substitución.

Débese substituír no Título Cinco, apartado 2 a seguinte expresión:

Onde di: “Na composición deste órgano procurarase unha composición equilibrada de mulleres e homes.”

Debe dicir: “Na composición deste órgano será obrigada a paridade entre mulleres e homes.”

DITAME DA COMISIÓN:

Seis. O número 1 do artigo 33 queda redactado como segue:
«1. Dentro das súas respectivas competencias, teñen a condición de autoridade sanitaria o Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da consellería con competencias en sanidade, as persoas titulares dos órganos de dirección da consellería con competencias en materia de sanidade de quen dependan a inspección de servizos sanitarios e a inspección no ámbito da saúde pública, e os alcaldes ou alcaldesas. Así mesmo, teñen a condición de autoridade sanitaria as persoas titulares das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de sanidade no seu ámbito correspondente. No desempeño das súas funcións, o persoal que leve a cabo as funcións de inspección terá a consideración de autoridade sanitaria.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº6, ao apartado 1, de Substitución.

Débase substituír o texto do apartado 1 do Título Seis polo seguinte:

"1. Dentro das súas respectivas competencias teñen a condición de autoridade sanitaria o Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da Consellería de Sanidade, as persoas titulares dos órganos de dirección da consellería con competencias en materia de sanidade das que dependan a inspección de servizos sanitarios e a inspección no ámbito da saúde pública e os alcaldes ou alcaldesas. No desempeño das súas funcións, o persoal que leve a cabo as funcións de inspección terá a consideración de autoridade sanitaria."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº20, ao apartado 1, de Modificación.

No punto seis débese modificar o número 1 do artigo 33, que quedará redactado co seguinte contido:

"1. Dentro das súas respectivas competencias, teñen a condición de autoridade sanitaria o Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da Consellería de Sanidade, os delegados territoriais da Xunta de Galicia, así como os alcaldes e as alcaldesas. Recoñéceselle o carácter de autoridade

sanitaria, no desempeño das súas funcións, ao persoal que leve a cabo a función de inspección sanitaria."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº6, ao apartado 1 bis), de Adición.

Emenda de adición. Seis.

Engadir un apartado 2 co seguinte texto:

"2. Todos os centros, servizos e establecementos sanitarios sometidos a esta lei, así como o seu persoal, teñen a obriga de adoptar as medidas oportunas para garantir os dereitos das/os pacientes e para exixir o cumprimento das obrigas reguladas nela. No lexítimo exercicio daquelas obrigas, o persoal dos centros públicos terá a consideración de autoridade pública. Os poderes públicos velarán polo axeitado cumprimento e protección das medidas e funcións sinaladas."

DITAME DA COMISIÓN:

Sete. O artigo 37 queda redactado como segue:

«Artigo 37. *Da inspección de servizos sanitarios e de saúde pública*

1. O persoal que realice funcións de inspección de servizos sanitarios e de saúde pública ten carácter de autoridade sanitaria no exercicio das funcións que ten encomendadas.

2. O persoal ao servizo da Administración sanitaria que actúe no exercicio das funcións de inspección e acreditando a súa identidade estará autorizado para:

a) Entrar libremente e sen previa notificación en calquera momento en todo centro, servizo ou establecemento suxeito a esta lei.

b) Proceder a realizar as probas, as investigacións ou os exames que considere necesarios para comprobar o cumprimento desta lei e das normas que se aproben para o seu desenvolvemento.

c) Tomar ou sacar mostras coa finalidade de comprobar o cumprimento do previsto na normativa sanitaria vixente. A toma de mostras non xerará por si mesma dereito a indemnización, agás que se acredite a concorrencia dos supostos previstos legalmente como xeradores dunha eventual responsabilidade derivada do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

d) Realizar cantas actuacións sexan necesarias para o cumprimento das funcións de inspección que exerza.

e) Comunicarlle inmediatamente á autoridade sanitaria competente a situación de risco grave e inmediato para a saúde que detecte. Así mesmo, e sen prexuízo da dita obriga de comunicación, o persoal da inspección poderá proceder a adoptar as medidas cautelares temporais necesarias e proporcionadas durante a visita de control oficial, tales como a inmovilización de produtos, a suspensión temporal de actividades ou outras, que se consideren necesarias e proporcionadas, co fin de evitar prexuízos para a saúde en casos de urxencia inaprazable por existencia dun risco grave e inminente para a saúde. Estas medidas adoptaranse de xeito motivado, con inclusión da motivación na correspondente acta de inspección, e darase conta inmediata das actuacións realizadas ao órgano competente para a incoación do procedemento sancionador, que deberá confirmar, modificar ou levantar as medidas no acordo de iniciación do procedemento, o cal deberá efectuarse dentro dos quince días seguintes á adopción daquelas. En todo caso, as medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no dito prazo, ou cando



o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso sobre elas.

3. Os feitos constatados por **funcionarios ou funcionarias** aos que se lles recoñece a condición de autoridade e que se formalicen en documento público con observancia dos requisitos legais pertinentes terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os propios **cidadáns ou cidadás**, consonte o artigo 77.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Oito. A letra b) do artigo 43 queda redactada como segue:
«b) A resistencia, a coacción, a ameaza ou represalia, o desacato ou calquera outra forma de presión sobre as autoridades sanitarias ou os seus axentes, e a coacción, ameaza, agresión ou calquera forma de violencia exercida sobre **os profesionais ou as profesionais** do Sistema sanitario público de Galicia, no exercicio das súas funcións.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Nove. A letra k) do número 2 do artigo 50 queda redactada como segue:

«k) A participación na docencia, a formación continuada e a investigación, así como a súa promoción, no seu ámbito de actuación.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Dez. O artigo 67 queda redactado como segue :

«Artigo 67. *Ordenación territorial*

1. O Sistema público de saúde de Galicia ordénase territorialmente en áreas sanitarias, equivalentes ás áreas de saúde previstas na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, en distritos sanitarios e en zonas sanitarias.

2. As áreas sanitarias, os distritos sanitarios e as zonas sanitarias virán determinadas por criterios de carácter funcional, considerando as condicións xeográficas, demográficas, epidemiolóxicas e de accesibilidade, e conforme as necesidades da poboación e as directrices de ordenación establecidas pola Xunta de Galicia, tendo en conta o previsto no artigo 56 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

3. Sen prexuízo do anterior, atendendo á singularidade dunha zona xeográfica, así como a factores sociosanitarios, demográficos, laborais, vías de comunicación e outros que concorran nunha determinada poboación, e atendendo ás necesidades existentes, poderanse establecer por decreto outras divisións territoriais adicionais para a atención sanitaria da poboación afectada.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº7, de Supresión.

Débase suprimir o texto do Título Dez.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº7, de Supresión.

Emenda de supresión. Dez

Suprimir o apartado Dez.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº21, ao apartado 2, de Supresión.

No punto dez débese suprimir no número 2 do artigo 67 a seguinte expresión:

Suprimir: "os distritos sanitarios"

DITAME DA COMISIÓN:

Once. O artigo 68 queda redactado como segue:

«Artigo 68. *Áreas sanitarias*

1. Ás áreas sanitarias correspóndelles a xestión integrada dos recursos sanitarios asistenciais públicos existentes no seu ámbito territorial, así como das prestacións e programas que se desenvolvan no mesmo ámbito.

2. A división territorial do Sistema público de saúde de Galicia estrutúrase nas seguintes áreas sanitarias:

- a) Área sanitaria da Coruña e Cee.
- b) Área sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza.
- c) Área sanitaria de Ferrol.
- d) Área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
- e) Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.
- f) Área sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- g) Área sanitaria de Vigo.

3. O ámbito xeográfico de cada área sanitaria establecerase no correspondente mapa sanitario, que será aprobado por decreto do Consello da Xunta. A estrutura e as funcións dos órganos de dirección e xestión das áreas determinaranse regulamentariamente.

4. A área sanitaria será a principal estrutura de referencia para a organización das actividades sanitarias, e a súa organización asegurará a continuidade da atención sanitaria en todos os niveis asistenciais e facilitará a coordinación de todos os recursos que correspondan co fin de configurar un sistema sanitario coordinado e integral.

A estrutura e as funcións dos órganos de dirección e xestión das áreas sanitarias e dos dispositivos sanitarios dependentes destas, de ser o caso, determinaranse regulamentariamente.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº8, de Supresión.

Emenda de supresión. Once

Suprimir o apartado Once.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº8, de Substitución.

Débase substituír o texto do Título Once polo seguinte:

"Artigo 68. As áreas sanitarias.

1. As áreas sanitarias constitúen a demarcación territorial equivalente ás áreas de saúde previstas no artigo 56 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

2. A división territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia estrutúrase nas seguintes áreas sanitarias:

- a) Área Sanitaria da Barbanza.
- b) Área Sanitaria da Coruña.
- c) Área Sanitaria da Mariña.
- d) Área Sanitaria de Cee.
- e) Área Sanitaria de Ferrol.
- f) Área Sanitaria de Lugo.
- g) Área Sanitaria de Monforte de Lemos.
- h) Área Sanitaria do Barco de Valdeorras.
- i) Área Sanitaria de Ourense.
- l) Área Sanitaria do Salnés.
- m) Área Sanitaria de Pontevedra.
- n) Área Sanitaria de Santiago de Compostela.
- ñ) Área Sanitaria de Verín.
- o) Área Sanitaria de Vigo.

3. O ámbito xeográfico de cada unha das áreas sanitarias determinarase por decreto do Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Sanidade, en función das necesidades sanitarias da comunidade autónoma e tendo en conta factores xeográficos, socioeconómicos, demográficos, laborais, de dotación de vías e medios de comunicación e mais os criterios e as directrices de ordenación e de desenvolvemento territorial establecidos pola Xunta de Galicia.

4. Correspóndelles ás áreas sanitarias a xestión integrada dos recursos sanitarios asistenciais públicos do seu ámbito territorial, así como das prestacións e dos programas sanitarios que estas desenvolvan.

5. A estrutura e as funcións dos órganos de dirección e xestión das áreas sanitarias e dos dispositivos sanitarios dependentes destas, de ser o caso, determinaranse regulamentariamente, tomando en consideración o reflectido no artigo 25 desta lei."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº22, ao apartado 2, de Modificación.

No punto once débese modificar o número 2 do artigo 68, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. A división territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia estrutúrase nas seguintes áreas sanitarias:

- a) Ferrol
- b) A Coruña
- c) Cee
- d) Santiago de Compostela
- e) A Barbanza
- f) Lugo
- g) A Mariña
- h) Terra de Lemos
- i) Pontevedra
- j) O Salnés
- k) Vigo
- l) Ourense
- m) Verín
- n) Valdeorras"

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº24, ao apartado 4 bis), de Adición.

No punto once débese engadir un novo número no artigo 68, que quedará redactado co seguinte contido:

"4 bis. Créase o Catálogo de Servizos Mínimos de Galicia, que definirá os servizos que cada área sanitaria ofrecerá como mínimo dentro do sistema sanitario público. Este catálogo de servizos queda definido no Anexo I.

O Catálogo de Servizos Mínimos de Galicia recolle as especialidades ás que a cidadanía terá acceso en cada unha das áreas. Para a aplicación efectiva deste catálogo, a consellería competente en materia de sanidade garantirá a existencia de recursos materiais e humanos axeitados para que poida ser utilizado e desenvolvido correctamente nos diferentes centros sanitarios públicos.

A existencia deste Catálogo de Servizos Mínimos de Galicia non suporá impedimento para que, dentro das posibilidades de xestión e da planificación estratéxica específica de cada área sanitaria, se poidan incluír máis servizos sanitarios que contribúan a un mellor e máis eficiente sistema sanitario público que teña en conta as especificidades das zonas xeográficas en termos demográficos, epidemiolóxicos ou calquera outra cuestión que sexa relevante."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.

Emenda nº9, ao apartado 4 bis), de Adición.

Emenda de adición. Once

Engadir no artigo 68 da Lei 8/2008 un apartado 5, co seguinte texto:

"5. A división territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia estrutúrase nas seguintes áreas sanitarias:

1. Área Sanitaria da Coruña
 2. Área Sanitaria de Cee
 3. Área Sanitaria de Santiago de Compostela
 4. Área Sanitaria da Barbanza
 5. Área Sanitaria de Ferrol
 6. Área Sanitaria de Lugo
 7. Área Sanitaria da Mariña
 8. Área Sanitaria de Monforte de Lemos
 9. Área Sanitaria de Ourense
 10. Área Sanitaria de Verín
 11. Área Sanitaria do Barco de Valdeorras
 12. Área Sanitaria de Pontevedra
 13. Área Sanitaria do Salnés
 14. Área Sanitaria de Vigo."
-

DITAME DA COMISIÓN:

Doce. O artigo 69 queda redactado como segue:

«Artigo 69. *Distritos sanitarios*

1. Os distritos sanitarios son divisións territoriais das áreas sanitarias e constitúen o marco de referencia para a coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria.

2. Cada distrito sanitario contará cun hospital no seu ámbito xeográfico.

3. O ámbito xeográfico de cada distrito sanitario establecerase no correspondente mapa sanitario, que será aprobado por decreto do Consello da Xunta. A estrutura e as funcións dos órganos dos distritos determinaranse regulamentariamente.

4. No Sistema público de saúde de Galicia configúranse os seguintes distritos sanitarios:

- a) Distrito sanitario da Coruña
- b) Distrito sanitario de Cee
- c) Distrito sanitario de Santiago de Compostela
- d) Distrito sanitario da Barbanza
- e) Distrito sanitario de Ferrol
- f) Distrito sanitario de Lugo
- g) Distrito sanitario da Mariña
- h) Distrito sanitario de Monforte de Lemos
- i) Distrito sanitario de Ourense
- j) Distrito sanitario de Verín
- k) Distrito sanitario do Barco de Valdeorras
- l) Distrito sanitario de Pontevedra
- m) Distrito sanitario do Salnés
- n) Distrito sanitario de Vigo»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº9, de Supresión.

Débesse suprimir o texto do Título Doce.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº25, de Supresión.

Débesse suprimir o punto doce.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº10, de Supresión.



Emenda de supresión. Doce

Suprimir o apartado Doce.

DITAME DA COMISIÓN:

Trece. O artigo 70 queda redactado como segue:

«Artigo 70. *Zonas sanitarias*

1. As zonas sanitarias son as unidades básicas de prestación de servizos sanitarios. A división en zonas sanitarias de cada distrito realizarase atendendo a criterios de carácter funcional, considerando as condicións xeográficas, demográficas, epidemiolóxicas e de accesibilidade, e conforme as necesidades da poboación e as directrices de ordenación establecidas pola Xunta de Galicia, tendo en conta o previsto no artigo 56 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

2. A división en zonas sanitarias establecerase no mapa sanitario que será aprobado por decreto do Consello da Xunta de Galicia.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº11, de Supresión.

Emenda de supresión. Trece

Suprimir o apartado Trece.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº26, de Modificación.

Débase modificar o punto trece, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 70. *Zonas sanitarias*

1. As zonas sanitarias son divisións funcionais das áreas e constitúen as unidades elementais de prestación dos servizos sanitarios. Estas zonas facilitan a xestión nas áreas de saúde e representan os territorios básicos de actuación das diferentes unidades que prestan servizos sanitarios.

2. A delimitación das zonas sanitarias terá carácter funcional, consonte criterios funcionais de índole xeográfica, demográfica, epidemiolóxica e de accesibilidade, tendo en conta, en todo caso, as necesidades sanitarias da poboación.

3. Os concellos cunha poboación superior aos 50.000 habitantes (ou menos se así é considerado adecuado funcionalmente) poderanse subdividir en zonas básicas para os efectos de adscrición ás unidades e aos servizos de atención primaria."





DITAME DA COMISIÓN:

Catorce. Engádese unha letra h) ao artigo 107, que queda redactada como segue:

«h) O fomento da avaliación do impacto en saúde para garantir que se teñan en conta as repercusións que sobre a saúde poidan ter as decisións sobre políticas públicas.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Catorce bis). **Modifícase o número 2 do artigo 115, que queda redactado como segue:**

«2. A selección do persoal do Sistema público de saúde de Galicia realizarase de conformidade cos requisitos e sistemas establecidos pola normativa básica vixente e a autonómica de desenvolvemento.

Malia o anterior, en virtude da previsión contida no artigo 57.5 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, por razóns de interese xeral e necesidades obxectivas, poderá eximirse do requisito da nacionalidade para o acceso á condición de persoal estatutario das categorías profesionais de licenciado sanitario.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº12, ao apartado Catorce bis), de Adición.

Emenda de adición. Catorce Bis

Engadir no artigo 110 un artigo 1 bis que queda redactado como segue:

"O persoal estatutario do Sistema Público de Saúde de Galicia poderá pasar a prestar servizos en postos de traballo das unidades e dos servizos da Administración sanitaria mediante concurso de traslados, que será regulado na mesa sectorial."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº13, ao apartado Catorce ter), de Adición.

Emenda de adición. Catorce Ter.

Engadir no artigo 113 dous novos apartado 6 e 7 que quedan redactados como segue:

"6. Os centros sanitarios aprobarán anualmente un censo con enumeración dos postos de traballo existentes por servizos e categorías e/ou postos de traballo, con indicación das súas características básicas e no que se diferenciarán cales corresponden a prazas orzadas e cales corresponden a vinculacións temporais. Este censo trasladarase á representación sindical.

7. En cumprimento da directiva europea 1999/70/CE, que establece o principio de non discriminación do persoal temporal ao servizo das administracións públicas, aplicarase a igualdade de condicións laborais e retributivas do persoal temporal respecto do persoal fixo."



DITAME DA COMISIÓN:

Quince. Engádese un número 14 ao artigo 115, que queda redactado como segue:

«14. De acordo cos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade, e coa finalidade de facilitar a mobilidade voluntaria **dos e das profesionais** do Sistema público de saúde de Galicia, favorecer a conciliación da vida laboral e familiar e acadar un mellor desenvolvemento profesional, as bases reguladoras dos concursos de traslados poderán establecer a posibilidade de convocatoria única, que manterá a súa vixencia no tempo ata o momento no que se peche de xeito expreso, e regularán a posibilidade de presentación de solicitudes de participación en calquera momento da vixencia da indicada convocatoria e o mantemento no tempo destas ata a adxudicación de destino, sen prexuízo da modificación das solicitudes ou da desistencia da persoa interesada de acordo cos requisitos que se establezan. Así mesmo, as bases regularán a publicación da oferta de prazas, que dará lugar ao inicio de oficio de cada procedemento ou ciclo de adxudicación, e a súa periodicidade, que será, como mínimo, anual.

Cada procedemento ou ciclo de adxudicación establecido, no que se terán en conta as solicitudes de participación presentadas ata o día fixado nas bases, finalizará coa correspondente resolución de adxudicación de destinos, que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*. O prazo máximo no que deberá publicarse a resolución expresa será dun ano, que se contará desde a publicación da oferta de prazas, sen prexuízo de que as bases poidan establecer un inferior.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº10, de Supresión.

Débase suprimir o texto do Título Quince.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº14, de Modificación.

Emenda de modificación. Quince

Substituír todo o texto do artigo dende “desenvolvemento profesional” polo seguinte texto:



"os concursos de traslados poderán ter unha vixencia indefinida mediante un sistema de participación aberto e permanente con adxudicación periódica de destinos."

DITAME DA COMISIÓN:

Dezaseis. Engádese un artigo 116 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 116 bis. *Itinerarios profesionais*

1. A Administración sanitaria, a través do órgano de dirección con competencias en materia de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde, poderá definir itinerarios profesionais para o persoal do Sistema público de saúde de Galicia.

2. Para os efectos desta lei, considerarase itinerario profesional o conxunto de postos de traballo que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formación comúns que habilitan, para o seu desempeño, o persoal de distintas categorías do sistema sanitario de Galicia.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº11, de Supresión.

Débase suprimir o texto do Título Dezaseis.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº15, de Adición.

Emenda de adición. Dezaseis

Engadir un novo apartado 2.bis) co seguinte texto:

"3. A definición dos itinerarios profesionais negociarase en mesa sectorial."

DITAME DA COMISIÓN:

Dezaseis bis). Os números 1 e 2 do artigo 121 quedan redactados como segue:

«1. É persoal directivo aquel que desempeña funcións directivas profesionais no Sistema público de saúde de Galicia. En ningún caso se considerarán incluídas dentro das funcións directivas profesionais as correspondentes aos órganos da consellaría competente en materia de sanidade, do Servizo Galego de Saúde e das entidades instrumentais adscritas a estes cuxos titulares teñan a consideración de alto cargo de acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. En particular, os estatutos das entidades públicas instrumentais determinarán se as persoas titulares dos seus órganos executivos teñen a consideración de alto cargo, cuxa designación se realizará por decreto do Consello da Xunta de Galicia, ou de persoal directivo profesional.

2. Consideraranse funcións directivas as funcións de dirección, xerencia e xestión do Sistema público de saúde de Galicia nos seus niveis central e periférico, sempre que non correspondan ás funcións dos órganos cuxos titulares teñan a consideración de alto cargo conforme o indicado no número anterior.»

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Dezaoito. O artigo 125 queda redactado como segue:

«Artigo 125. *Principios xerais*

1. A Xunta de Galicia velará pola coordinación entre os sistemas sanitario, educativo e investigador de Galicia, co fin de conseguir unha maior adecuación da formación **dos profesionais e das profesionais** ás necesidades de saúde da poboación.

2. O Sistema público de saúde de Galicia estará en disposición de ser aproveitado para a docencia de pregrao e de posgrao, conforme o previsto na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e na normativa reguladora das profesións sanitarias. Estableceranse para este efecto os convenios de colaboración que correspondan.

3. A consellaría competente en materia de sanidade promoverá a formación continuada **dos profesionais e das profesionais** do Sistema público de saúde de Galicia, co obxectivo de axeitar os seus coñecementos e habilidades ás necesidades do profesional ou da profesional, así como ás liñas estratéxicas do sistema. En todos os plans de formación do persoal existirá un módulo sobre a igualdade entre homes e mulleres, no que se fará especial referencia á violencia de xénero.

4. A consellería competente en materia de sanidade garantirá un sistema autonómico de acreditación da formación continuada das profesións sanitarias, integrado dentro do sistema estatal, co fin de velar pola calidade das actividades de formación continuada realizadas por axentes públicos e privados.

5. A consellería competente en materia de sanidade establecerá os mecanismos necesarios para garantir o recoñecemento do exercicio das titorías e demais actividades docentes **dos profesionais e das profesionais** do Sistema público de saúde de Galicia.

6. As organizacións sindicais participarán na programación e execución do Plan de formación continuada do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº16, de Adición.

Emenda de adición. Dezaoito

Engadir ao final do punto 5 o seguinte texto:



"O decreto que regula as condicións das/os titores/as será negociado na mesa sectorial, logo de ser establecido como requisito ou mérito baremable."

DITAME DA COMISIÓN:

Dezanove. O capítulo III do título IX queda redactado como segue:

«CAPÍTULO III

Da investigación e a innovación no Sistema público de saúde de Galicia

Artigo 131. *Principios xerais*

1. A Administración sanitaria promoverá a investigación biosanitaria, especialmente na súa vertente translacional, como un instrumento para a mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas polos plans de investigación e innovación vixentes en cada momento. Todos os centros e servizos sanitarios estarán en disposición de favorecer e desenvolver a investigación, e promoverán a cultura científica, tecnolóxica e de innovación.

2. A Administración sanitaria tamén promoverá a valorización, protección e a transferencia do amplo coñecemento xerado polo seu persoal e/ou nos seus centros co obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade, así como un modelo de innovación aberta orientado a impulsar a creatividade, a cooperación e a aplicación no sistema sanitario dos cambios que acheguen valor a pacientes e profesionais.

Dentro das medidas de valorización e transferencia do coñecemento, a Administración sanitaria poderá conceder licenzas ou ceder os seus dereitos de explotación sobre os resultados da investigación a favor do seu persoal investigador autor destes ou a favor dun terceiro sen vinculación co Sistema público de saúde de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.

Tamén poderá crear ou participar en spin-off que teñan como obxecto social realizar actividades relacionadas coa investigación sanitaria ás que se lles outorgará unha licenza para a explotación comercial dos resultados, nas condicións que se establezan, e que deberá en todo caso axustarse ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e na disposición adicional primeira da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.

O persoal investigador que teña a consideración de inventor ou autor dos resultados da investigación sanitaria poderá participar nos beneficios obtidos pola consellaría competente



en materia de sanidade, polo Servizo Galego de Saúde ou polas súas entidades instrumentais derivados da súa explotación comercial, nos termos que se desenvolveran regulamentariamente.

3. Neste mesmo contexto, a Administración sanitaria tamén impulsará medidas para o desenvolvemento da transferencia inversa do coñecemento que incluírán a posta de manifesto polo sector produtivo das súas necesidades co fin de contribuír a orientar as liñas e obxectivos da investigación dos centros públicos de investigación sanitaria de cara a alcanzar un maior impacto socioeconómico. Así mesmo, impulsaranse medidas de transferencia do coñecemento non orientadas á comercialización ou á explotación mercantil, como a creación de espazos ou foros públicos comúns en materia de saúde pública.

4. As autoridades públicas competentes en investigación e sanidade establecerán o réxime de colaboración co Sistema público de saúde de Galicia.

Pola súa parte, a consellaría competente en materia de sanidade, o Servizo Galego de Saúde e as súas entidades instrumentais, de conformidade coas súas respectivas competencias, poderán subscribir contratos ou convenios con outras entidades públicas e/ou privadas para a realización de proxectos específicos de investigación ou innovación, que permitan o desenvolvemento conxunto de novas solucións, servizos ligados ao coñecemento, tecnoloxías ou produtos sanitarios.

5. A Administración sanitaria impulsará, en coordinación coa consellería competente en materia de I+D+i, e desenvolverá os mecanismos de cooperación, colaboración e articulación de redes tendentes a favorecer que o sector sanitario se converta nun dos motores de desenvolvemento económico de Galicia en termos de actividade produtiva, de xeración de emprego de calidade, de incremento da produtividade e de achega ao produto interior bruto de Galicia.

Nese sentido, co obxecto de impulsar a aplicación de tecnoloxías emerxentes, o fomento da innovación empresarial no ámbito sanitario e a promoción da mellora na calidade dos servizos públicos de saúde, a Administración sanitaria incentivará, na medida en que sexa posible, a presentación de solucións innovadoras nas súas licitacións baixo calquera modalidade de contratación pública de innovación.

6. A Administración sanitaria adoptará medidas para fomentar o investimento público e privado en actividades de investigación e innovación sanitaria e/ou biosanitaria, de acordo co previsto no artigo 35 da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, así como estimulará a

sensibilidade pola investigación en saúde pública entre os sectores económicos, académicos e sociais.»

6 bis. As consellarías competentes en materia de saúde e de I+D+i crearán unha comisión conxunta de control que avalíe os contratos, acordos, convenios e outras colaboracións que se poidan establecer no eido da investigación sanitaria, para velar pola transparencia e polo fortalecemento do sistema público."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº12, de Substitución.

Débase substituír o texto do Título Dezanove polo seguinte:

"CAPÍTULO III

Da investigación biomédica no Sistema Público de Saúde de Galicia

Artigo 131. Principios xerais.

1. A Administración sanitaria promoverá a investigación biosanitaria como un instrumento para a mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas polo Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica e polo Plan de saúde. Todos os centros e servizos sanitarios estarán en disposición de favorecer e desenvolver a investigación.

2. As autoridades públicas competentes en investigación e sanidade establecerán o réxime de colaboración co Sistema Público de Saúde de Galicia, que terá coma obxectivo último o beneficio comunitario, social e público.

A Administración sanitaria tamén promoverá a valorización, protección e a transferencia ao sistema público do amplo coñecemento xerado polo seu persoal.

3. Estableceranse os mecanismos de coordinación do Plan galego de investigación e desenvolvemento en materia sanitaria co Plan galego de I+D+I.

Así mesmo, a Administración autonómica garantirá a suficiencia financeira da investigación pública e as condicións laborais das persoas investigadoras asegurando a estabilidade que permita levar a cabo o desenvolvemento dos estudos e proxectos.

4. A Administración sanitaria impulsará, en coordinación coa consellería competente en materia de I+D+I, e desenvolverá os mecanismos de cooperación, colaboración e articulación de redes tendentes a favorecer que o sector sanitario se converta nun dos motores de desenvolvemento económico de Galicia en termos de actividade produtiva, de xeración de emprego de calidade, de incremento da produtividade e de achega ao PIB galego.

5. A Administración autonómica garantirá a transparencia nos acordos de colaboración ou contratos con calquera outra administración, entidade ou persoa física ou xurídica que impliquen a utilización das infraestruturas e recursos materiais e humanos do Sistema Público de Saúde."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº17, ao apartado 1, de Supresión.

Emenda de supresión. Dezanove

Suprimir todo o punto 1 do apartado Dezanove.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº18, ao apartado 2, de Supresión.

Emenda de supresión. Dezanove

Suprimir o punto 2 do apartado Dezanove.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº27, ao apartado 2, de Modificación.

No punto dezanove débese modificar o número 2 do artigo 131, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. A Administración sanitaria tamén promoverá a valorización, protección e a transferencia do amplo coñecemento xerado polo seu persoal e/ou nos seus centros co obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade, así como un modelo de innovación aberta orientado a impulsar a creatividade, a cooperación e a aplicación no sistema sanitario dos cambios que acheguen valor a pacientes e profesionais.

A Administración sanitaria actuará conforme o disposto no artigo 34 da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, e o establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de

Galicia, na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e na disposición adicional primeira da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.

O persoal investigador que teña a consideración de inventor ou autor dos resultados da investigación sanitaria poderá participar nos beneficios obtidos pola consellería competente en materia de sanidade, polo Servizo Galego de Saúde ou polas súas entidades instrumentais derivados da explotación comercial deles, nos termos que se desenvolverán regulamentariamente."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº28, ao apartado 3, de Modificación.

No punto dezanove débese modificar o número 3 do artigo 131, que quedará redactado co seguinte contido:

"3. A Administración sanitaria tamén impulsará medidas para o desenvolvemento da transferencia inversa do coñecemento de cara a alcanzar un maior impacto socioeconómico. Así mesmo, impulsaranse medidas de transferencia do coñecemento non orientadas á comercialización ou á explotación mercantilizada."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.

Emenda nº19, ao apartado 3, de Modificación.

Emenda de modificación. Dezanove

Modifícase o punto 3, quedando redactado como segue:

"Impulsaranse medidas de transferencia do coñecemento non orientadas á comercialización ou á explotación mercantilizada, como a creación de espazos ou foros públicos comúns en materia de saúde pública."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº29, ao apartado 4, de Modificación.

No punto dezanove débese modificar o número 4 do artigo 131, que quedará redactado co seguinte contido:

"4. As autoridades públicas competentes en investigación e sanidade establecerán o réxime de colaboración co Sistema Público de Saúde de Galicia."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.

Emenda nº20, ao apartado 4, de Supresión.

Emenda de supresión. Dezanove

Suprimir o segundo parágrafo do punto 4 do apartado Dezanove.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº30, ao apartado 5, de Modificación.

No punto dezanove débese modificar o número 5 do artigo 131, que quedará redactado co seguinte contido:

"5. A Administración sanitaria impulsará, en coordinación coa consellería competente en materia de I+D+i, e desenvolverá os mecanismos de cooperación, colaboración e articulación de redes tendentes a favorecer que o sector sanitario se converta nun dos motores de desenvolvemento económico de Galicia en termos de actividade produtiva, de xeración de emprego de calidade, de incremento da produtividade e de achega ao produto interior bruto de Galicia."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.

Emenda nº21, ao apartado 5, de Supresión.

Emenda supresión. Dezanove

Suprimir o texto do segundo parágrafo do punto 5 do apartado Dezanove que vai despois de "licitacións".

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.

Emenda nº22, ao apartado 6, de Supresión.

Emenda de supresión. Dezanove

Suprimir o punto 6 do apartado Dezanove.

DITAME DA COMISIÓN:

Vinte. Engádese un título XI, que queda redactado como segue:

«TÍTULO XI

Da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde

Artigo 138. *Creación da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde*

Coa finalidade de establecer de forma permanente a coordinación e o impulso necesarios para o desenvolvemento de iniciativas de promoción, protección e educación para a saúde, e atendendo aos principios de eficacia, eficiencia e participación, créase a Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde.

Artigo 139. *Composición e funcionamento*

1. A composición da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde, da que formarán parte as persoas titulares das consellarías con competencia en materia educativa e sanitaria, regularase por decreto do Consello da Xunta.
2. As normas xerais de organización e funcionamento desta comisión estableceranse por orde conxunta das consellarías competentes en materia educativa e sanitaria.
3. Na composición deste órgano procurarase unha composición paritaria de mulleres e homes.

Artigo 140. *Funcións*

Son funcións da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde as seguintes:

- a) A análise dos estudos dos problemas de saúde relevantes e a súa incidencia no ámbito educativo.
- b) A aprobación ou proposta, de ser o caso, de liñas de actuación preferentes.
- c) A coordinación dos diferentes recursos existentes para acadar unha maior eficiencia na promoción da saúde no ámbito educativo.
- d) A coordinación das intervencións relacionadas coa protección da saúde; en particular, aquelas orientadas á seguridade alimentaria e á protección fronte a riscos ambientais.
- e) A coordinación dos programas desenvolvidos para a atención **aos escolares e ás escolares** con necesidades especiais de saúde.

f) Aqueloutras que veñan establecidas por disposicións normativas de carácter xeral.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº13, de Substitución.

Débase substituír o texto do artigo 139 do Título Vinte polo seguinte:

"Artigo 139. Composición e funcionamento

1. A composición da Comisión, da que formarán parte as persoas titulares das consellerías con competencia en materia educativa e sanitaria, regularase por decreto do Consello da Xunta e contará, de xeito relevante, con profesionais especialistas en medicina e enfermaría comunitaria, así como con profesionais de educación, traballo social e pedagogía.

2. As normas xerais de organización e funcionamento da Comisión estableceranse por orde conxunta das consellerías competentes en materia educativa e sanitaria.

3. Na composición deste órgano será obrigada a paridade entre mulleres e homes."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº23, de Modificación.

Emenda de modificación. Vinte

No punto 3 do artigo 139 ao que se refire o apartado Vinte, substituír: "procurarase", por: "terá".

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº32, ao apartado 139.3 bis), de Adición.

No punto vinte débese engadir un novo número no artigo 139 que quedará redactado co seguinte contido:
"3 *bis*. De todas as reunións realizadas levantarase a correspondente acta, e garantirase que estea con dilixencia á disposición xeral na páxina web da Xunta de Galicia."



DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional única. **Referencias á atención hospitalaria**

As referencias ao termo "atención especializada" que figuran nos artigos 10, 12, 48, 50, 51 e 97, así como no parágrafo sexto do apartado IV da exposición de motivos, quedan substituídas por "atención hospitalaria".

NON TEN EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº27, de Adición.

Emenda de adición. Disposición adicional primeira

Engadir unha nova disposición adicional primeira co seguinte texto:

"Disposición adicional primeira.

Procederase, no prazo máximo de seis meses, ao desenvolvemento regulamentario dos órganos de dirección e xestión das áreas sanitarias ao que se refire o apartado 5 do artigo 92, no que se establecerá unha xerencia diferenciada para a atención especializada e a atención primaria de cada unha delas, con capacidade executiva, máxima autonomía na xestión de recursos humanos, económicos e de planificación asistencial; e estableceranse os mecanismos de coordinación entre elas."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº28, de Adición.

Emenda de adición. Disposición adicional segunda

Engadir unha nova disposición adicional segunda co seguinte texto:

"Disposición adicional segunda

Os órganos de participación social establecidos na Lei 8/2008 constituiranse e procederase á súa convocatoria no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº29, de Adición.

Emenda de adición. Disposición adicional terceira

Engadir unha nova disposición adicional terceira co seguinte texto:

"Disposición adicional terceira. Estatuto xurídico do persoal do Sistema Público de Saúde.

No prazo máximo de tres meses desde a aprobación desta lei iniciaranse no ámbito da mesa sectorial as negociacións para desenvolver a Lei do Estatuto xurídico dos empregados e empregadas públicas de saúde de Galicia, establecido no punto 3 do artigo 109 da Lei 8/2008."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº30, de Adición.

Emenda de adición. Disposición adicional cuarta

Engádesse unha nova disposición adicional cuarta co seguinte texto:

"Disposición adicional cuarta. Planificación de recursos humanos.

No prazo máximo de seis meses desde a aprobación desta lei, o Sergas elaborará o decreto de integración do persoal establecido no apartado 5 do artigo 112."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº31, de Adición.

Emenda de adición. Disposición adicional quinta

Engádesse unha nova disposición adicional quinta co seguinte texto:

"Disposición adicional quinta

No prazo de seis meses procederase ao inicio dos trámites necesarios co fin de que se produza a reversión ao Servizo Galego de Saúde do Centro de Transfusión de Sangue, do 061, do Ingo, así como da empresa pública Galaria, aos que se fai referencia no artigo 92.6 da Lei 8/2008, de saúde de Galicia."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº32, de Adición.

Emenda de adición. Disposición adicional sexta

Engádesse unha nova disposición adicional sexta co seguinte texto:

"Disposición adicional sexta

No prazo máximo dun ano procederase ao desenvolvemento regulamentario do Mapa Sanitario de Galicia, que prevé o artigo 67 da Lei 8/2008, de saúde de Galicia, logo da negociación e consenso cos axentes políticos, sociais e sindicais."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria primeira. *Ordenación territorial transitoria*

Mentres non se desenvolva regulamentariamente a ordenación territorial do Sistema público de saúde de Galicia prevista na presente lei, o ámbito xeográfico das áreas, distritos e zonas sanitarias respectará e terá en conta as actuais estruturas organizativas de xestión integrada. Para tal efecto, mentres non se desenvolva a estrutura orgánica dos dispositivos territoriais previstos nesta lei, actuarán como xestores das respectivas estruturas sanitarias os órganos das actuais estruturas organizativas de xestión integrada.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº33, de Supresión.

Suprimir a Disposición transitoria primeira.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº24, de Supresión.

Emenda de supresión. Disposición transitoria primeira

Suprimir o texto da Disposición transitoria primeira.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº14, de Substitución.

Débase substituír o texto da Disposición transitoria primeira polo seguinte:

"Disposición transitoria primeira. Ordenación territorial transitoria.

Mentres non se desenvolva regulamentariamente a ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia prevista nesta lei, o ámbito xeográfico das áreas e zonas sanitarias respectará e terá en conta as actuais estruturas organizativas."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio dos órganos de participación social existentes*

Os actuais órganos de participación social desenvolverán as funcións previstas nesta lei, coa composición e de acordo coas regras de funcionamento actuais, ata a entrada en vigor do desenvolvemento regulamentario previsto nela.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº25, de Supresión.

Emenda de supresión. Disposición transitoria segunda

Suprimir o texto da Disposición transitoria segunda.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº34, de Adición.

Débese engadir ao final da Disposición transitoria segunda o seguinte contido:

Engadir in fine: "o cal debe ser aprobado por decreto no prazo máximo de seis meses."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº26, de Adición.

Emenda de adición. Disposición transitoria segunda bis

"Disposición transitoria segunda bis
No prazo máximo dun ano crearase a categoría de persoal
investigador dentro das categorías estatutarias do persoal do
Sergas."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*
Quedan derogadas todas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei e, en particular, a Lei 13/1992, do 9 de novembro, de revisión do mapa sanitario para crear a área de saúde do Salnés.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº15, de Substitución.

Débase substituír o texto da Disposición derogatoria única polo seguinte:

“Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Quedan derogadas todas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei e, en particular, o Decreto 168/2010, do 7 de outubro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº33, de Supresión.

Emenda de supresión. Disposición derogatoria única

Débase suprimir o seguinte texto:

"e, en particular, a Lei 13/1992, do 9 de novembro, de revisión do Mapa sanitario para crear a Área de Saúde do Salnés."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*
Facúltase o Consello da Xunta para ditar as disposicións regulamentarias necesarias para o axeitado desenvolvemento desta lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº35, de Modificación.

Débase modificar a Disposición derradeira primeira que quedará redactada co seguinte contido:
"Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*
Facúltase o Consello da Xunta para ditar no prazo máximo de seis meses as disposicións regulamentarias necesarias para o axeitado desenvolvemento desta lei."



DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*
Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no
Diario Oficial de Galicia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº36, de Adición.

Débase engadir un anexo (despois da Disposición derradeira segunda), que quedará redactado co seguinte contido:

"Anexo I. Catálogo de Servizos Sanitarios Mínimos de Galicia

- Alergoloxía
- Análises clínicas
- Anatomía patolóxica
- Anestesia e reanimación
- Aparato dixestivo
- Atención sanitaria domiciliaria
- Bioquímica clínica
- Cardioloxía
- Cirurxía xeral e dixestiva
- Cirurxía maior ambulatoria
- Cirurxía menor ambulatoria
- Cirurxía ortopédica e traumatoloxía
- Coidados intensivos neonatais
- Coidados intermedios neonatais
- Coidados paliativos
- Dermatoloxía
- Diálise
- Endocrinoloxía
- Enfermería xeral
- Enfermería obstétrico-xinecolóxica (matrona)
- Extracción de órganos
- Farmacia
- Fisioterapia
- Xinecoloxía
- Hematoloxía clínica
- Hospital de día
- Implantación de tecidos
- Laboratorio de hematoloxía
- Medicina interna
- Medicina preventiva
- Microbioloxía e parasitoloxía
- Nefroloxía
- Pneumoloxía
- Neuroloxía
- Obstetricia
- Obtención de mostras
- Obtención de tecidos
- Oftalmoloxía



- Otorrinolaringoloxía
 - Oncoloxía
 - Pediatría
 - Planificación familiar
 - Psicoloxía clínica
 - Psiquiatría
 - Radiodiagnóstico
 - Rehabilitación
 - Reumatoloxía
 - Servizo de transfusión
 - Tele-radiodiagnóstico
 - Tratamento da dor
 - Urxencias
 - Uroloxía
 - Vacinación"
-

DITAME DA COMISIÓN:

Exposición de motivos.

I

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, configura o Sistema público de saúde de Galicia como o conxunto de recursos, medios organizativos, actividades, servizos e prestacións públicas que teñen por finalidade a promoción e a protección da saúde, a prevención da enfermidade, a asistencia sanitaria, a rehabilitación e a reinserción social, todo iso desde unha perspectiva de asistencia sanitaria integral e funcionalmente articulada. Desde esta perspectiva, o Sistema público de saúde de Galicia está composto polas persoas, as institucións e os recursos públicos organizados coordinadamente e conforme coas directrices de política sanitaria establecidas para mellorar a saúde da poboación. En consecuencia, a visión do Sistema público de saúde de Galicia está dirixida a traballar para acadar un sistema asistencial que obteña resultados satisfactorios para a cidadanía de Galicia, a través **dos profesionais e das profesionais** do sistema sanitario e cunha organización sanitaria eficiente.

Coa finalidade de avanzar na consecución destes obxectivos, a través desta lei introdúcense as modificacións necesarias na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Estas modificacións refírense aos órganos de participación social, fundamentalmente a través do Consello Galego de Saúde, de ámbito comunitario, dos consellos de saúde de área, dos consellos de saúde de distrito e do Consello Asesor de Pacientes; ao concepto de «autoridade sanitaria»; ao modelo de organización territorial do Sistema público de saúde de Galicia en áreas, distritos e zonas sanitarias; ao concurso de traslados como procedemento de provisión no ámbito dos centros e institucións sanitarias, e aos itinerarios profesionais; á docencia, investigación e innovación; e ao establecemento dunha comisión interdepartamental en materia de educación e saúde.

II

No relativo á ordenación territorial do Sistema público de saúde de Galicia, cómpre partir de que a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, no seu artigo 56, de carácter básico, prevé que as comunidades autónomas delimitarán e constituirán no seu territorio demarcacións denominadas «áreas de saúde» como estruturas fundamentais do sistema sanitario, responsabilizadas da xestión unitaria dos centros e establecementos do servizo de saúde da comunidade



autónoma na súa demarcación territorial e das prestacións sanitarias e programas sanitarios que eles deben desenvolver. De acordo con tal previsión, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, como xa o fixera a súa antecesora Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia, prevé a división en áreas sanitarias como demarcacións territoriais equivalentes ás áreas de saúde recollidas no artigo 56 da Lei 14/1986, do 25 de abril. Agora ben, na nosa comunidade autónoma, malia a existencia formal de once áreas sanitarias —de acordo co sinalado nos decretos 55/1989, do 5 de abril, polo que se aproba a revisión do Mapa sanitario de Galicia; 50/1992, do 19 de febreiro, polo que se crea a área de saúde do Barco de Valdeorras, e 324/1992, do 19 de novembro, polo que se crea a área de saúde do Salnés—, o certo é que a posta en marcha, a partir do Decreto 168/2010, do 7 de outubro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, das denominadas estruturas organizativas de xestión integrada (en adiante EOXI) e a experiencia acumulada desde a súa creación puxeron de manifesto que na actualidade a división territorial e funcional fundamental na que asenta o Sistema público de saúde de Galicia está ligada á delimitación territorial das sete EOXI existentes. Tal circunstancia impón a necesaria adecuación a tal realidade do marco normativo existente mediante a modificación do artigo 68 da referida lei co fin de incluír no dito precepto as áreas sanitarias nas que queda estruturado o Sistema público de saúde de Galicia e facer coincidir a súa delimitación territorial, segundo o ata aquí exposto, coa das actuais EOXI.

Esta delimitación respecta as exixencias da normativa básica estatal. Así, ben que o número 5 do artigo 56 da Lei 14/1986, do 25 de abril, prevé, como regra xeral, que a área de saúde estenderá a súa acción a unha poboación non inferior a 200.000 habitantes nin superior a 250.000, o mesmo número configura tal regra sen prexuízo das excepcións necesarias, atendidos os factores expresados no número 4 do mesmo precepto. É dicir, como ten manifestado a xurisprudencia, o número 5 do artigo 56 recolle un criterio flexible ao admitir todas aquelas excepcións que procedan tendo en conta os factores enumerados no número 4 do mesmo precepto, polo que dispoñen as comunidades autónomas dunha marxe de apreciación do conxunto dos aspectos que conforman cada un deses factores de cada ámbito territorial.

Neste sentido, a actual configuración territorial dos servizos sanitarios a través das EOXI xa ten en conta os factores xeográficos, socioeconómicos, demográficos, laborais, epidemiolóxicos, culturais, climatolóxicos e de dotación de vías e medios de comunicación, así como as instalacións sanitarias



presentes, de modo que a división en sete áreas sanitarias recollida con esta modificación, ao coincidir coa delimitación territorial das EOXI actualmente existentes, respecta os criterios delimitadores contidos na normativa básica estatal, e permite o cumprimento nelas dos obxectivos previstos na mencionada normativa.

Coa finalidade de manter a continuidade do sistema público de saúde existente na actualidade é preciso realizar a modificación normativa que se sinala. A delimitación territorial das áreas sanitarias coincidirá co actual ámbito das EOXI: A Coruña; Santiago de Compostela; Ferrol; Lugo, Cervo e Monforte de Lemos; Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; Pontevedra e O Salnés; e Vigo. Manterán a mesma configuración territorial que se establece nos decretos de creación de cada unha das EOXI. Por tal motivo, a división en sete áreas sanitarias que se propón xa ten en conta os criterios configuradores previstos legalmente, e responde ás características de distribución da poboación da nosa comunidade autónoma.

A articulación do sistema público de saúde existente, unido ás modificacións na pirámide demográfica da poboación de Galicia, obriga a revisar a división actual, para dar paso, xunto ás áreas sanitarias, a unha división máis ampla na que se consideran os distritos sanitarios.

Os distritos configuraranse como divisións territoriais das áreas, e constituirán un marco de referencia para a coordinación da actividade da atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria que se establecerá ao redor do hospital existente no seu ámbito territorial. Segundo este criterio, haberá catorce distritos sanitarios, que toman como referencia a institución hospitalaria existente no seu ámbito territorial. Os distritos indicados serán os seguintes: A Barbanza, A Coruña, A Mariña, Cee, Ferrol, Lugo, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, Ourense, O Salnés, Pontevedra, Santiago de Compostela, Verín e Vigo.

O establecemento dun novo mapa sanitario de Galicia realizarase a partir das divisións indicadas.

Mediante esta modificación do articulado da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, preténdese acadar unha óptima utilización dos recursos dispoñibles, tanto humanos como materiais, dentro do ámbito territorial da área sanitaria e que, ao mesmo tempo, favoreza que a poboación galega dispoña en todo momento dunha organización sanitaria eficiente.

III

A participación social no ámbito sanitario é un dos principios reitores do Sistema público de saúde de Galicia, establecido no artigo 32 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, ademais dun dos



criterios básicos establecidos na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade. A configuración básica dos órganos de participación vén establecida nesa norma estatal, e a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, reproduce con similar criterio o establecido na norma básica.

A modificación que se realiza ten como finalidade simplificar a regulación destes órganos de participación social. Nestes órganos estarán representados, necesariamente, a **Secretaría Xeral de Igualdade**, os concellos incluídos no ámbito territorial respectivo, os colexios oficiais de profesionais sanitarios, as asociacións de pacientes, así como as organizacións empresariais, as organizacións sindicais e outras entidades e organizacións do ámbito sanitario. A participación de representantes destas entidades é fundamental para que os órganos de xestión sanitaria dispoñan da visión e percepción da sociedade no referido ao servizo sanitario.

Será un decreto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o que estableza a composición efectiva, o funcionamento e o réxime xurídico dos órganos de participación social.

En relación coa remisión ao desenvolvemento regulamentario do Consello Asesor de Pacientes mediante unha norma co rango de orde, esta opción xustifícase no feito de que tanto a creación do órgano como a súa regulación xa se conteñen nunha disposición regulamentaria con rango de orde (Orde do 22 de agosto de 2011).

IV

O artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, determina a condición de autoridade sanitaria. A modificación deste artigo realízase para concretar que teñen esa condición as persoas responsables das funcións e competencias que lle corresponden á inspección sanitaria e de saúde pública. Desta forma, ademais das persoas con funcións inspectoras que se integran nos servizos de inspección, terán a consideración de autoridade sanitaria, no exercicio das súas funcións, as persoas titulares dos respectivos órganos administrativos dos que dependen orgánica e funcionalmente, así como as persoas titulares das xefaturas territoriais da consellaría competente en materia de sanidade.

O artigo 37 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece que o persoal que realiza funcións de inspección no ámbito sanitario terá o carácter de autoridade sanitaria. Nas competencias que dispón a consellaría competente en materia de sanidade hai que diferenciar dúas funcións que realizan os órganos encargados da inspección: por un lado, a inspección e control da actividade sanitaria, que se regula no Decreto 53/2014, do 16 de abril, de ordenación da inspección dos servizos

sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia; e, por outro, as funcións que corresponden ás competencias de control da saúde pública. Por este motivo é necesario modificar o texto do artigo 37 indicando que as facultades que se establecen corresponden igualmente ao persoal con funcións inspectoras no ámbito da saúde pública, xa que a redacción preexistente facía referencia unicamente á inspección «no ámbito sanitario» e non no da saúde pública.

En relación co persoal inspector, a experiencia ten posto en evidencia a necesidade de que poida desenvolver unha actividade plena, o que implica a posibilidade de dar resposta e abordar de xeito inmediato situacións de risco para a saúde. Por isto, a lei recoñécelle a posibilidade de adoptar, motivadamente, medidas necesarias e proporcionadas que poden implicar a inmovilización de produtos ou a suspensión temporal de actividades, entre outras. Estas actuacións adoptaranse con todas as medidas legais que garantan un pronunciamento expreso da autoridade competente para a iniciación do procedemento.

A modificación tamén atinxe á consideración como infracción moi grave de calquera tipo de resistencia, ameaza, coacción e represalia sobre as autoridades sanitarias e os seus axentes así como de calquera forma de violencia exercida sobre **os profesionais ou as profesionais** do Sistema sanitario público de Galicia, coa extensión da protección a estes últimos aínda que non teñen a condición de autoridade sanitaria.

V

Engádese no artigo 107 unha nova función que corresponderá á consellaría competente en materia de sanidade, consistente no fomento da avaliación do impacto en saúde das políticas públicas, entendida, segundo indica a mesma Organización Mundial da Saúde, como unha combinación de procedementos, métodos e ferramentas a través dos cales se pode avaliar unha política, un programa ou un proxecto en relación cos seus efectos potenciais sobre a saúde da poboación e coa distribución de tales efectos.

VI

Respecto do título VIII, relativo ás empregadas e aos empregados públicos do Sistema público de saúde de Galicia, en materia de provisión establécese a posibilidade de que a convocatoria de concursos de traslados poida manter a súa vixencia no tempo a través de resolucións de adjudicación sucesiva e periódica. Así mesmo, introdúcese o concepto de itinerario profesional, o cal poderá ser tido en conta para a estruturación dos sistemas de selección e provisión.

VII

O título IX da Lei 8/2008, do 10 de xullo, foi modificado na súa maior parte pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a cal autorizou a creación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, e quedou derogado posteriormente todo o articulado dos capítulos II e IV pola Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración. A modificación que agora se realiza atinxe á rúbrica do título, para engadir a innovación, e aos artigos 125 e 131.

O artigo 125 modifícase para recoller expresamente que a consellaría competente en materia de sanidade establecerá os mecanismos necesarios para garantir o recoñecemento do exercicio das titorías e demais actividades docentes **dos profesionais e das profesionais** do Sistema público de saúde de Galicia.

A consellaría competente en materia de sanidade e o Servizo Galego de Saúde desenvolverán actuacións de formación continuada **dos profesionais e das profesionais** sanitarias contando para iso coa colaboración dunha entidade pública especializada. O artigo 131, que se modifica, establece os principios básicos para a regulación da investigación, a transferencia de coñecemento e o réxime de colaboración co Sistema público de saúde de Galicia. Igualmente, establécense os mecanismos de coordinación necesarios para que o sector sanitario sexa un dos motores do desenvolvemento económico de Galicia.

VIII

Engádese, finalmente, un novo título XI para crear a Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde. Establécese en tres artigos a regulación básica relativa á finalidade, á composición e ás funcións dese órgano, que ten como obxectivo a coordinación da actuación entre as consellarías competentes en materia de sanidade e educación no desenvolvemento de iniciativas de promoción, protección e educación para a saúde.

Principalmente, este órgano que se crea estudará os problemas de saúde relevantes e a súa incidencia no ámbito educativo, e realizará as propostas de actuación que estime necesarias para acadar unha maior eficiencia na promoción da saúde no ámbito educativo.

Tamén se optou polo establecemento, mediante orde conxunta, das normas de organización e funcionamento, por considerar que o dito instrumento é o máis acaído para a regulación deste

tipo de cuestións, sen necesidade de acudir a unha norma emanada do Consello da Xunta.

IX

Esta modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, adecúase ao establecido no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Na modificación que se realiza cúmprense os principios de necesidade e eficacia, xa que están claramente identificados os fins perseguidos por esta, existen razóns de interese xeral, tanto na modificación da participación cidadá como na división territorial da asistencia sanitaria, e a modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, é o medio máis adecuado para acadar os obxectivos de mellora do Sistema público de saúde de Galicia. Esta regulación é imprescindible para establecer tanto a división territorial nos termos indicados como os órganos de participación social, co que se adecúa ao principio de proporcionalidade. A norma é coherente coas competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de organización da asistencia sanitaria e é coherente co resto da normativa da materia, polo que garante o cumprimento do principio de seguridade xurídica.

En canto ao principio de transparencia, na elaboración da lei facilitouse a participación activa dos potenciais destinatarios, permitindo o acceso actualizado á normativa en vigor e á documentación xerada na elaboración da nova disposición (artigo 7 da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información e bo goberno). No expediente consta acreditada tanto a información pública como a audiencia sectorial.

En canto ao principio de eficiencia, a iniciativa procura racionalizar a xestión dos recursos públicos e non supón incremento de cargas.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº37, ao apartado I.2, de Supresión.

No epígrafe I, no segundo parágrafo da exposición de motivos, débese suprimir o seguinte contido:
"...,dos consellos de saúde de distrito,..."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº16, ao apartado I.2, de Modificación.

Débase substituir no segundo parágrafo do apartado I a seguinte expresión:

Onde di: "áreas, distritos e zonas sanitarias"
Debe dicir: "áreas e zonas sanitarias"

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº38, ao apartado I.2, de Modificación.

No epígrafe I, no segundo parágrafo da exposición de motivos, débese modificar a seguinte expresión:
Onde di: "...do Sistema Público de Saúde de Galicia en áreas, distritos e zonas sanitarias;..." debe dicir: "...do Sistema Público de Saúde de Galicia en áreas e zonas sanitarias;..."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº17, ao apartado II.2, de Supresión.

Débase suprimir o texto do segundo parágrafo do apartado II dende:

"Agora ben, na nosa Comunidade Autónoma,..." ata "coa das actuais EOXI."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº39, ao apartado II.2, de Supresión.

No epígrafe II da exposición de motivos débese suprimir o segundo parágrafo.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº18, ao apartado II.3, de Substitución.

Débase substituír no terceiro parágrafo do apartado II o seguinte texto:

Onde di:
"Esta delimitación respecta as exixencias da normativa básica estatal. Así, se ben o número 5 do artigo 56 da Lei 14/1986, do 25 de abril, prevé, como regra xeral, que a área de saúde estenderá a súa acción a unha poboación non inferior a 200.000 habitantes nin superior a 250.000, o mesmo número configura tal regra sen prexuízo das excepcións necesarias, atendidos os factores expresados no número 4 do mesmo precepto. É dicir, como ten manifestado a xurisprudencia, o número 5 do artigo 56 recolle un criterio flexible ao admitir

todas aquelas excepcións que procedan tendo en conta os factores enumerados no número 4 do mesmo precepto, polo que dispoñen as comunidades autónomas dunha marxe de apreciación do conxunto dos aspectos que conforman cada un deses factores de cada ámbito territorial."

Debe dicir:

"No relativo á ordenación do Sistema Público de Saúde de Galicia, a Lei 8/2008 establece unha demarcación territorial dividida en áreas e zonas sanitarias. Tendo o mapa sanitario actual unha división en once áreas sanitarias (de acordo co sinalado nos decretos 55/1989, do 5 de abril, polo que se aproba a revisión do Mapa Sanitario de Galicia; 50/1992, do 19 de febreiro, polo que se crea a Área de Saúde do Barco de Valdeorras, e 324/1992, do 19 de novembro, polo que se crea a Área de Saúde do Salnés), con todo, a integración posterior no Servizo Galego de Saúde dos hospitais de Cee, A Barbanza e Verín non se acompasou co conseguinte recoñecemento das súas respectivas áreas sanitarias. Tal circunstancia impón a necesaria adecuación que fomente a iniciada descentralización e o progresivo achegamento dos servizos sanitarios ás diferentes poboacións galegas, feito que redundará na equidade no acceso aos servizos sanitarios."

-Do G.P. En Marea.

Emenda nº19, ao apartado II.4,5,6,7,8, de Substitución.

Débase substituír o texto do parágrafo 4, 5, 6, 7, e 8 do apartado II dende:

"Neste sentido, a actual configuración territorial..." ata "...Mapa sanitario de Galicia realizarase a partir das divisións indicadas."

Polo seguinte texto:

"Neste sentido, atendendo á nova configuración territorial dos servizos sanitarios de Galicia é mester modificar os instrumentos de organización e xestión, e axustar as estruturas organizativas de xestión ás catorce áreas sanitarias de Galicia. Coa finalidade de manter a continuidade do Sistema Público de Saúde, as ditas estruturas organizativas de xestión adaptaranse ás catorce áreas sanitarias: A Barbanza, A Coruña, A Mariña, Cee, Ferrol, Lugo, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, Ourense, O Salnés, Pontevedra, Santiago de Compostela, Verín e Vigo.

Así mesmo, no deseño das novas estruturas organizativas deberá ser considerada a necesidade de diferentes ámbitos de xestión para a atención primaria, así como para a atención especializada dentro de cada área sanitaria.
O establecemento do novo Mapa Sanitario de Galicia realizarase a partir das divisións indicadas.”

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº40, ao apartado II.4, de Supresión.

No epígrafe II da exposición de motivos débese suprimir o cuarto parágrafo.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº41, ao apartado II.5, de Supresión.

No epígrafe II da exposición de motivos débese suprimir o quinto parágrafo.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº42, ao apartado II.5, de Modificación.

No epígrafe II, ao final do quinto parágrafo da exposición de motivos, débese modificar o seguinte contido:
Onde di: "Por tal motivo, a división en sete áreas sanitarias..."
debe dicir: "Por tal motivo, a división en áreas sanitarias..."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº43, ao apartado II.6, de Supresión.

No epígrafe II da exposición de motivos débese suprimir o sexto parágrafo.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº44, ao apartado II.7, de Supresión.

No epígrafe II da exposición de motivos débese suprimir o sétimo parágrafo.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº20, ao apartado III.2,3, de Substitución.

Débese substituír o texto do segundo e terceiro parágrafo do apartado III polo seguinte:

"A modificación que se realiza ten como finalidade, por unha banda, introducir o criterio de xénero no control e deseño das políticas públicas en materia sanitaria. A orientación de xénero atopada en moitas políticas públicas e a necesidade de introducir a igualdade entre mulleres e homes como materia transversal a todas as políticas xustifican este cambio. Ademais, tendo en conta que a violencia machista constitúe un problema de primeira orde, parece lóxico que esta medida poida axudar a mellorar o control dos aspectos que teñen que ver co eido sanitario.

Por outra banda, ampliáanse as capacidades do Consello Galego para que este teña a potestade de emitir informe sobre o proxecto orzamentario, dado o seu relevante impacto sobre as políticas sanitarias. Ademais ampliáase esta facultade tamén sobre a execución orzamentaria, co fin de mellorar e ampliar o control que tamén exerce sobre esta o Consello de Contas."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº45, ao apartado III.3, de Modificación.

No epígrafe III, no terceiro parágrafo da exposición de motivos, débese modificar o seguinte contido:
Onde di: "...polo Consello da Xunta de Galicia o que estableza a composición..." debe dicir: "...polo Consello da Xunta de Galicia o que desenvolva a composición..."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº21, ao apartado IV.4, de Supresión.

Débese suprimir no parágrafo primeiro do apartado IV o seguinte texto:

"Desta forma, ademais das persoas con funcións inspectoras que se integran nos servizos de inspección, terán a consideración de autoridade sanitaria, no exercicio das súas funcións, as persoas titulares dos respectivos órganos administrativos dos que dependen orgánica e funcionalmente, así como as persoas titulares das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de sanidade. "

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº22, ao apartado VI, de Supresión.

Débase suprimir o texto do apartado VI.

-Do G.P. En Marea.

Emenda nº23, ao apartado VII, de Substitución.

Débase suprimir o texto do apartado VII polo seguinte:

"En relación co título IX da Lei 8/2008, do 10 de xullo, adáptase o texto para garantir maior estabilidade do persoal docente e investigador, así como a suficiencia de recursos para esta actividade.

O artigo 125 modifícase para recoller expresamente que a consellería competente en materia de sanidade establecerá os mecanismos necesarios para garantir o recoñecemento do exercicio das titorías e demais actividades docentes dos/as profesionais do Sistema Sanitario Público de Galicia.

O artigo 131 modifícase para recoller expresamente a obriga da Administración de acadar a suficiencia financeira que permita a continuidade de proxectos investigadores, así como de asegurar coa mesma finalidade as condicións laborais do persoal público dedicado a esta tarefa.

Por outra banda, introdúcese o principio de beneficio comunitario desde o punto de vista social e sanitario como obxectivo último da investigación pública.

Finalmente, como garante dos dereitos á información e transparencia e para impedir a explotación do sistema público con fins que non satisfagan o beneficio comunitario, introdúcese a obriga da Administración en canto á publicidade de contratos e acordos con outras administracións, persoas físicas ou xurídicas."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº46, ao apartado IX.2, de Supresión.

No epígrafe IX, débese suprimir o segundo parágrafo da exposición de motivos.



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

2. Comparecencias en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

2.1 26035(10/PPP-000046)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta da evolución da comercialización de produtos do mar en Galicia e das propostas cara ao futuro para a súa mellora

Publicación da iniciativa, 260, 14.02.2018



12/02 2018 14:53 FAX 00981541211

0001/0001



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da conselleira do Mar para dar conta da "evolución da comercialización de produtos do mar en Galicia e das propostas cara ao futuro para a súa mellora".

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Admiso por: GARCIA SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Data e hora: 12/02/2018 14:53:04

CVE: DmC1AV8B
Verificación: <http://sede.sxipra.galicia.es>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

3.1 27642(10/MOC-000076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para o cumprimento dos acordos parlamentarios referidos á AP-9.

(Moción, a consecuencia da Interpelación nº 22216, publicada no BOPG 236, do 10.01.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.03.2018)



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2018 13:17
Nº Rexistro: 27642
Data envío: 09/03/2018 13:17:52.015

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 6 de marzo, sobre que medidas prevé adoptar o Goberno galego para o cumprimento dos acordos parlamentarios en relación coa AP 9, (doc. núm **22216**, [10/INT-000754]).

Moción

“O Pleno do Parlamento galego acorda como resolución manifestar o rexeitamento polo veto do Goberno do Estado e da Mesa do Congreso á tramitación da Lei de transferencia da AP 9 a Galiza. Asemade, manifesta a desaprobación a respecto do acto que tivo lugar o 30 de decembro de 2017 en Rande, coas obras de ampliación da ponte aínda non rematadas, porque tiña como intención favorecer os intereses da concesionaria.

En consecuencia, insta á Xunta de Galiza a

1. Esixir ao Goberno do Estado que informe favorabelmente a tramitación da citada lei.
2. Dirixirse á presidencia da Mesa do Congreso para que permita a tramitación da proposición de lei aprobada polo Parlamento galego.

3. Reclamar do Goberno do Estado a realización, no ano 2018, das seguintes obras:

- Instalación de pantallas acústicas e outras medidas anti-ruído nas zonas da AP incluídas no mapa do ruído elaborado pola concesionaria, e nomeadamente nas parroquias de Chapela e Teis.

- Actuacións para corraxir e minimizar o impacto das obras de ampliación da AP 9 nas parroquias de Chapela e Trasmañó.

- Inicio da construción do novo colexio da Igrexa en Chapela.

- Pavimentación de viais e acondicionamento de espazos públicos na parroquia de Chapela.

4. Acordar co Goberno do Estado que a supresión da peaxe entre Rande e Vigo non repercuta nunha nova subida das peaxes na AP 9.

5. Demandar ao Goberno do Estado que promova no primeiro semestre de 2018 as modificacións legislativas necesarias para eliminar os privilexios fiscais dos que goza a concesionaria, suprimindo a bonificación do 95% do IBI.

6. Demandar do Goberno do Estado que acorde coa concesionaria da AP 9 o establecemento de medidas para o abaratamento das peaxes, como existen noutras autoestradas de titularidade estatal, e que contemple entre outras as seguintes situacións: bonificacións por percorrido completo, por número de viaxes ao mes, por quilómetros percorridos. A maiores, a Xunta de Galiza e o Ministerio de Fomento estudarán bonificacións para o transporte de mercadorías.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2018 13:17
Nº Rexistro: 27642
Data envío: 09/03/2018 13:17:52.015

7. Solicitar ao Goberno do Estado a aprobación dun protocolo de actuación en caso de retencións que estableza o levantamento das barreiras cando se formen colas de máis de 1 km

8. Reclamar ao Goberno do Estado a realización dunha auditoría global sobre a calidade do servizo que presta a concesionaria e un informe sobre as reclamacións presentadas polas persoas usuarias.

9. Elaborar, en colaboración do ministerio de Fomento, un informe sobre as obras de ampliación da ponte de Rande, e informar aos concellos da contorna sobre os prazos e desenvolvemento das obras pendentes, establecendo medidas que minimicen o impacto no tráfico da estrada PO 541.

10. Elaborar, en colaboración cos concellos de Redondela e Vigo e co Ministerio de Fomento, un estudo de mobilidade en relación coa transformación en vía urbana do acceso pola AP 9 a Vigo desde as Torres de Padín.”

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2018 13:17
Nº Rexistro: 27642
Data envío: 09/03/2018 13:17:52.015

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/03/2018 13:17:15

Ana Pontón Mondelo na data 09/03/2018 13:17:20

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 27649(10/MOC-000077)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero e igualdade. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 20572, publicada no BOPG 219, do 29.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.03.2018)

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación doc. núm. 20572, sobre a política do Goberno galego en materia de xénero, que foi tratada na sesión plenaria do día 6 de marzo de 2018. (10/INT-0000681),

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Crear unha Mesa de coordinación e análise autonómica sobre violencias sexuais antes de que remate 2018 onde:
 - a) Estean presentes todos os axentes implicados, administracións, colectivos e asociacións especializadas.
 - b) Se poña en marcha un plan de traballo para coordinarse coas administracións locais, así como coas empresas privadas e co conxunto das institucións públicas, para elaborar protocolos contra o acoso laboral e por razón de xénero.
 - c) Se elabore e se poña a disposición pública un mapa de recursos de atención ás mulleres vítimas de violencia sexual.
 - d) Se avalíen e se debata sobre as campañas de prevención e de pautas de acción ante agresións sexuais.



e) Se elabore un mapa de puntos negros de violencia machista, onde as mulleres perciben máis inseguridade ou onde se sufriron agresións.

2. Implementar un programa específico de atención para as vítimas de violencias sexuais, onde se inclúa a atención psicolóxica.

3. Avaliar os incumprimentos relativos á utilización de linguaxe inclusiva por parte das administracións e facer que todas as publicacións e comunicacións promovidas e/ou contratadas pola Administración empreguen esta linguaxe non sexista. Obriga derivada da normativa vixente en materia de igualdade.

4. Elaborar unha macroenquisa galega sobre a incidencia da **violencia de xénero** ao longo do ciclo de vida das mulleres, onde se inclúan apartados específicos sobre as violencias sexuais de tipo cuantitativo e cualitativo.

5. Levar adiante un programa de formación específico para o persoal de recursos humanos das empresas públicas e privadas, e da administración pública en materia de xénero e prevención do acoso.

6. Elaborar anualmente un informe autonómico que identifique cales son os perfís, a evolución e as tendencias en materia de agresión e o abusos sexuais. Así como a resposta da Administración ante este tipo de delitos.

7. Implementar máis medidas no ámbito educativo que axuden a evitar estas agresións. Levando adiante cando mínimo as seguintes:

a) Crear prazas de axentes de igualdade nos centros educativos para poder avanzar cara equipos conxuntos de orientación e igualdade, con formación específica en igualdade e prevención das violencias machistas. Para ter esta consideración, os axentes de igualdade deberán acreditar, cando menos 300 horas de formación específica.

b) Elaborar un plan de formación en igualdade para o corpo docente con formación específica en prevención e detección das violencias machistas



tanto no proceso de formación previa como ampliando a formación continua para o profesorado en formación en prevención e atención á violencia machista

c) Estender a materia de igualdade de xénero a todos os cursos educativos, adaptando os contidos a cada etapa educativa e incluíndo, entre os seus contidos, bloques específicos de educación afectivo-sexual.

d) Desenvolver un plan de patios escolares a prol da igualdade de xeito que se aposte por xogos que promovan a convivencia e un uso dos espazos igualitario.

8. Aumentar, no vindeiro exercicio orzamentario, o presuposto asignado á igualdade de xénero ata un 1% do conxunto dos orzamentos.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Marcos Cal Ogando

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 09/03/2018 14:08:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27649
Data envío: 09/03/2018 14:09:01.327



Marcos Cal Ogando na data 09/03/2018 14:08:12

Luis Villares Naveira na data 09/03/2018 14:08:23

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 27650(10/MOC-000078)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar a igualdade entre homes e mulleres nos ámbitos da ciencia, a tecnoloxía, a investigación e a innovación.

(Moción, a consecuencia da Interpelación nº 26272, publicada no BOPG 264, do 21.02.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.03.2018)

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **moción** para substanciar a interpelación debatida na sesión plenaria do día 7 de marzo de 2018, sobre a política da Xunta de Galicia para acadar a igualdade entre homes e mulleres nos ámbitos da ciencia, a tecnoloxía, a investigación e a innovación (doc. núm. 26272).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha a Unidade de Muller e Ciencia, hoxe absolutamente paralizada, para que poida cumprir os obxectivos para o que foi creada:
 - a) Actualizar a súa páxina web (conxelada en 2009) nun prazo non superior a un mes, e garantir a súa actualización permanente tanto no que respecta ás actuacións, publicacións e axenda da propia Unidade como doutros organismos e institucións relacionados coas ciencias, as tecnoloxías e o xénero.
 - b) Consignarlle un orzamento propio para este ano 2018, e incluír nos orzamentos da Xunta de Galicia dos próximos anos unha partida propia e individualizada para o funcionamento da Unidade de Muller e Ciencia.
 - c) Avaliar en detalle o desenvolvemento e o nivel de cumprimento do II Programa Galego de Muller e Ciencia, presentando as conclusións, nun prazo máximo de tres meses, no Parlamento de Galicia co fin de coñecer os seus acertos e fallos e poder propoñer accións que o melloren.



Grupo Parlamentario

d) Continuar coa realización de análises en torno á muller na ciencia comezada en 2007, entre eles un estudo da situación das mulleres no sistema de ciencia-tecnoloxía-empresa de Galicia dado que non existen datos actualizados que permitan romper as brechas de xénero neste ámbito.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Que as Consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Economía, Emprego e Industria e as tres Universidades Galegas realicen conxuntamente, unha análise pormenorizada dos métodos de avaliación de todos os contratos e axudas públicos á investigación e á innovación para detectar os que poden prexudicar o desenvolvemento das carreiras científicas femininas, penalizando situacións como a maternidade, e deseñar métodos de avaliación da calidade científica e académica libre de trazos de xénero.

3. Realizar, xunto coas tres Universidades galegas, un plan con accións concretas de mellora da situación das mulleres nas universidades e entes públicos de investigación co obxectivo de facer desaparecer as condicións que limitan o desenvolvemento da súa carreira profesional.

4. Introducir a perspectiva de xénero nas políticas públicas de I+D+i tal como ordena a Unión Europea e que agora é inexistente en Galicia, para o que é preciso modificar e integrar esta dimensión na RIS3 de Galicia, no Plan Galicia Innova 2020, nos Estatutos e accións da Axencia de Innovación, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e demais centros e entes públicos relacionados coa investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

5. Ordenar a elaboración de Plans de Igualdade en todos os centros tecnolóxicos e nos centros e entes públicos relacionados coa investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico que non os teñan.

6. Desenvolver dende a Consellería de Economía, Emprego e Industria, e en colaboración con todas as asociacións de mulleres investigadoras, científicas e tecnolóxicas galegas, un plan de medidas concretas que promovan o acceso, a permanencia e o desenvolvemento das carreiras profesionais das mulleres na industria de base científica e tecnolóxica a través da aplicación estrita da igualdade de oportunidades.



 Grupo Parlamentario

7. Poñer en marcha as medidas necesarias para promover unha elección do futuro académico e profesional nas nenas e mozas libre de estereotipos de xénero, e para elo realizar, entre outras accións:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- a) Realizar os estudos necesarios para determinar os factores que inflúen na elección de estudos por parte das mozas na Universidade e na FP e así poder determinar con máis precisión as accións que poden cambiar esta tendencia.
- b) Elaborar e difundir unha guía de boas prácticas para a aplicación efectiva da transversalidade de xénero por parte das editoriais responsables da elaboración dos materiais curriculares de carácter científico e técnico.
- c) Poñer en marcha nos centros educativos programas que permitan ás nenas e ás mozas ter referentes femininos na ciencia e a tecnoloxía coa participación de científicas e investigadoras, e co obxectivo de conseguir que se rompa a segregación horizontal existente e que lastra o futuro de nenas e mozas.

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/03/2018 14:00:11

Maria de la Concepción Burgo López na data 09/03/2018 13:59:59

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4. **Proposicións non de lei en Pleno**

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 18700(10/PNP-001381)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 5 máis

Sobre a realización de xestións pola Xunta de Galicia diante dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados co fin de que contribúan a facilitar a tramitación, o debate e a aprobación dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 dentro do prazo establecido

Publicación da iniciativa, 194, 17.10.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 17:54
Nº Rexistro: 18700
Data envío: 11/10/2017 17:54:32.483

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Gonzalo Trénor López, José González Vázquez, Sandra Vázquez Domínguez, Guadalupe Murillo Solís, Cristina Romero Fernández e Paula Prado del Río**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

A composición política das Cortes Xerais e, nomeadamente, do Congreso dos Deputados, fai necesaria a negociación entre varios grupos políticos para lograr a aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado.

Así ocorreu no caso dos Orzamentos do ano 2017 e así considera este grupo parlamentario que é necesario que suceda no caso dos Orzamentos para o vindeiro ano 2018.

Hai moitos colectivos que dependen da aprobación destes Orzamentos para experimentar importantes melloras na súa vida: as familias con dependentes ao cargo, os pais, os pensionistas, os empregados públicos, as vítimas de violencia machista ou o sector cultural.

De xeito específico, os galegos mileuristas non poderán estar exentos de pago de IRPF, tal e como estaba acordado incluír neses Orzamentos.

En consecuencia, a aprobación dos Orzamentos suporía importantes beneficios para milleiros de galegos e galegas, tanto polas medidas que está previsto incorporar nos mesmos como polas partidas que permitirían desenvolver importantes infraestruturas na nosa Comunidade Autónoma.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse aos grupos parlamentarios nas Cortes Xerais para solicitarlles que, pola súa importancia para a mellora económica



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 17:54
Nº Rexistro: 18700
Data envío: 11/10/2017 17:54:32.483**

e social de Galicia, contribúan a facilitar a tramitación, o debate e a aprobación en prazo dos Orzamentos Xerais do Estado para 2018”.

Santiago de Compostela 11 de outubro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 11/10/2017 17:52:39

Gonzalo Trenor López na data 11/10/2017 17:52:47

José González Vázquez na data 11/10/2017 17:52:55

Sandra Vázquez Dominguez na data 11/10/2017 17:53:04

María Guadalupe Murillo Solís na data 11/10/2017 17:53:13

Cristina Isabel Romero Fernández na data 11/10/2017 17:53:20

Paula Prado Del Río na data 11/10/2017 17:53:28

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

4.2 24165(10/PNP-001746)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación coa lexislación vixente en
materia laboral e a protección do sistema público de pensións

Publicación da iniciativa, 250, 31.01.2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24165
Data envío: 25/01/2018 14:02:47.764

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para a protección das pensións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As dúbidas que se están a xerar arredor da viabilidade do sistema público de pensións son interesadas para favorecer precisamente os plans privados e seguir no camiño de recorte das pensións públicas. No Bloque Nacionalista Galego asistimos con preocupación as novas propostas que está a facer o Goberno español, como a ampliación do cómputo de cálculo a toda a vida laboral, que afondan na mesma liña. O traballo a realizar ten que ir xusto na dirección contraria, na de recuperar os dereitos eliminados nos últimos anos coa escusa da crise.

As reformas laborais promovidas, durante os anos 2010, 2011 e 2012, por gobernos do PSOE e PP, respectivamente, con diferentes niveis no seu contido e importancia, afondaron na liña neoliberal de individualización e desregulación das relacións laborais. Atrasouse a idade de xubilación aos 67 anos, ampliouse a 25 o número de anos para calcular a base reguladora, adiantouse a aplicación do



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24165

Data envío: 25/01/2018 14:02:47.764

factor de sostibilidade ao 1 de xaneiro de 2019, atrasouse a idade de acceso á xubilación anticipada, dificultouse o acceso ao subsidio de desemprego establecendo límites económicos de miseria para ter dereito ao mesmo e atrasouse a idade de acceso dos 52 aos 55. En definitiva, medidas todas orientadas a dificultar o acceso e reducir a contía das prestacións do sistema público de protección social, ao tempo que se fomenta a súa privatización.

Estas medidas son especialmente mesquiñas en Galiza. Primeiro porque temos as pensións máis baixas do Estado español, e unha maior porcentaxe de pensionistas en relación á súa poboación, as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares, son miles os que só teñen ingresos procedentes de prestacións das que as pensións son unha parte fundamental, e segundo porque se suma a outras medidas tamén tremendamente inxustas, como son o copago polos medicamentos, polas residencias, a suba do IVE, da auga, da luz, dos carburantes... Hoxe temos un empobrecemento maior d@s pensionistas, case o 60% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo, a media está máis de 15-20 puntos por baixo da do Estado, sendo especialmente preocupante a situación das mulleres xa que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por baixo do limiar da pobreza.

O debate sobre a sostibilidade do sistema de pensións públicas ven de lonxe. Desde hai anos veñen prognosticando a súa creba e promovendo os sistemas privados xestionados polos bancos. A razón é moi sinxela, por un lado o interese de recortar a administración pública, por outro a de transferir ao sistema privado a xestión dun volume de capital formidábel derivado dos fondos de pensións públicos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24165
Data envío: 25/01/2018 14:02:47.764

Desde o comezo da década dos 90, o debate internacional sobre a reforma dos sistemas de pensións estivo dominado polas teorías xurdidas na contorna do Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional e a OCDE, que defenden fortes recortes nos sistemas públicos de pensións, acompañados da capitalización individual a través do sector privado.

O argumento central é que o sistema de pensións é insostíbel. As razóns que presentan son que a esperanza de vida aumenta progresivamente ao mesmo tempo que hai menos cotizantes por causa da caída da poboación activa. A partir desta idea estenden a alarma social pregoando que a longo prazo non haberá diñeiro para pagar as pensións públicas.

O obxectivo é favorecer a privatización das pensións e permitir ao capital financeiro xestionar inxentes aforros a través dos fondos de pensións privados con destino aos mercados financeiros globais.

Estamos diante dunha decisión ideolóxica onde o poder toma a decisión de atacar os dereitos dos sectores máis desfavorecidos, os que están a padecer con máis dureza a crise para potenciar os plans de pensións privados e drenar aínda máis cartos dos impostos de tod@s para os bancos.

O sistema de pensións público é un dos obxectivos da axenda neoliberal desde hai décadas. Estamos a falar dun calculado e continuado proceso de desmantelamento do dereito do traballo a prol da parte máis forte nas relacións laborais, a prol do capital.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24165

Data envío: 25/01/2018 14:02:47.764

Por todas as razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español esixindo:

-Que de maneira inmediata proceda á derogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de “medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego. Así como de todas a demais normativas que as desenvolven.

-A aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e fortalezan á clase traballadora diante do capital:

- Recoñecendo o dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24165
Data envío: 25/01/2018 14:02:47.764

- Establecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de quince anos da súa vida laboral a elixir pola traballadora ou traballador.
- Establecer o importe da pensión mínima no equivalente ao 60% do salario medio.
- Establecer a actualización anual en base ao IPC.
- Eliminarse as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24165

Data envío: 25/01/2018 14:02:47.764

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2018 14:01:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/01/2018 14:02:04

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2018 14:02:06

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2018 14:02:07

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2018 14:02:09

Ana Pontón Mondelo na data 25/01/2018 14:02:16

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 25993(10/PNP-001832)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para evitar os desafiuzamentos e garantir o dereito a unha vivenda digna

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

10 anos despois do comezo da crise o drama dos desafuzamentos segue en Galiza.

O dereito recollido na Constitución a desfrutar dunha vivenda digna segue a estar tan lonxe coma nos peores anos da crise, cando miles de persoas eran expulsadas das súas casas por execucións hipotecarias.

Baixan os lanzamentos por execucións hipotecarias pero suben os derivados de impagos de alugueres.

Os desafuzamentos e a exclusión do dereito ao acceso á vivenda de miles de persoas é algo estrutural e non conxuntural como nos pretenderon vender os gobernos durante estes anos.

É consecuencia de dous vectores. Un o modelo laboral do desemprego, da precariedade, da inestabilidade laboral, dos salarios de miseria, que da lugar ás “pobrezas” sectoriais, denominación que buscan maquillar unha pobreza real, que son a pobreza enerxética, alimentaria, ou a da exclusión do dereito á vivenda.

Outro vector é a política de vivenda, que no fundamental nada ten mudado nestes anos nos que supostamente os gobernos se preocuparon de atallar o drama da xente sen casa e das casas sen xente. Nada máis lonxe da realidade.



A vivenda segue a ser concibido como un ben de inversión, e non como un dereito.

O Estado español rescatou con miles de millóns, xa renunciou a recuperar 40.000 millóns dese rescate, aos bancos e mercoulles os “activos tóxicos” para sanear os seus balances, atopándose cunha boa oportunidade, nun momento en que miles de persoas estaban a quedar literalmente na rúa, de facer coas vivendas propiedade da SAREB un parque público de aluguer a prezos sociais, e non se fixo.

Nin unha medida de cambio de modelo a pesar da dramática experiencia destes anos. Só medidas de maquillaxe como reacción a un posible desgaste electoral, e pouco máis.

Ao contrario, a Lei de Arrendamentos Urbanos rebaixou o período mínimo de aluguer de 5 a 3 anos, restando estabilidade aos inquilinos, sen introducir nin unha soa liña para a regulación dos prezos.

O Partido Popular incluso se nega a cumprir cun mandato legislativo, para desenvolver regulamentariamente o concepto de vivenda baleira, paso indispensable para que os concellos que así o desexen poidan aplicar recargos a esas vivendas que non se poñen a disposición da xente, en cumprimento do aprobado na Lei 2/2004 Reguladora de Facendas Locais.

Para as entidades financeiras ter un piso baleiro segue a ser tan barato coma antes da crise.

Un dos elementos reguladores do mercado e indispensables para unha política que defenda por riba de todo o dereito á vivenda é a creación dun Parque público de vivenda de aluguer cunha dimensión axeitada.

Na maioría dos países europeos supera o 10 % do parque de vivendas, en Galiza e no Estado español non chega nin ao 1%.



O Instituto Galego da Vivenda e Solo conta na actualidade cunhas 3500 vivendas sobre un total de 1.600.000 vivendas que hai en Galiza, sendo a todas luces insuficiente, aínda máis si temos en conta que unha mala xestión nos procesos de adjudicación fai que haxa vivendas baleiras.

A pesar de anunciar con moita espectacularidade medidas que conducirían a liberar vivenda baleira para poñelas a disposición da xente, a Xunta de Galicia nos últimos 9 anos non incrementou ese parque, e non foi por falla de oportunidades, nun contexto onde se podía facer por varias vías; incorporación das vivendas da SAREB, de vivendas baleiras que se adquirisen, construción de vivenda nova, etc.

E con esta situación chega a chamada recuperación, que vén consolidar o modelo da desigualdade, da perda de dereitos laborais, da precariedade e da miseria salarial. Hai aproximadamente 300.000 traballadores e traballadoras que perciben menos do salario mínimo interprofesional. Moitos deles mozos, que encadean traballos precarios e temporais.

A maioría das mozas e mozos, a diferenza de hai 10 anos, non poden acceder a unha hipoteca, e optan maioritariamente polo aluguer.

En 2008 o 41% dos mozos que desfrutaban dunha vivenda facíanlo baixo a fórmula de aluguer. No 2016 xa o fai o 71%.

Isto non tería porque ser malo si houbera un mercado de aluguer público e privado que dotase de estabilidade e seguridade a estes mozos, cousa que non existe.

Aumenta a demanda de aluguer, sobre todo nas áreas urbanas, e como non hai ningunha medida que regule prezos, e hai medidas que favorecen a expulsión dos arrendatarios, suben os prezos, como o fixeron en 2016 e 2017 onde medraron en algunhas cidades de Galiza por riba do 6%.



Incluso, neste contexto, as axudas ao aluguer contribúen a esta subida, ao carecer de elementos que limiten os prezos do mercado libre.

Os desafiuzamentos por impago de alugueres sube, si non se quere remediar, seguirá subindo.

O dereito a unha vivenda digna non está garantido neste país, e por elo compre mudar as políticas que nos trouxeron ata aquí.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a:

- Que incremente substancialmente o parque público de vivenda en aluguer, cunha intervención pública coordinada para a xeración suficiente de vivenda de promoción pública en alugueiro, incluíndo a rehabilitación das vivendas do IGVS que se atopen en mal estado e o desenvolvemento das posibilidades de incorporar ao patrimonio público de edificios e vivendas xa construídas de titularidade privada.
- Establecer un sistema de adxudicación de vivenda de promoción pública máis áxil e xusto, axustando a criterios obxectivos de necesidade e modificando con eses obxectivos o Decreto 253/2007, de Réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, e o Decreto 1/2010, polo que se regula o Rexistro único de demandantes de vivenda de Galiza.
- Que demande do Goberno do Estado a cesión das vivendas propiedade da SAREB en Galiza, nas zonas onde sexan necesarias para atender as necesidades de vivenda, para que se incorporen a dito Parque público de aluguer, que será xestionado polo IGVS e, no seu caso, polos concellos respectivos mediante o oportuno convenio.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2018 12:42
Nº Rexistro: 25993
Data envío: 12/02/2018 12:42:38.466



- Incrementar os orzamentos para as políticas de acceso á vivenda e a mellorar os niveis de execución orzamentaria das partidas correspondentes á función de vivenda.

- Estender o Censo de Vivendas Baleiras a todos os concellos, con independencia da súa poboación. Intervención obrigatoria do IGVS na mobilización de dito parque de vivendas para a disposición concertada ou conveniada dese fondo.

- Esixir ao Goberno español a aprobación dunha norma regulamentaria que desenvolva o art. 72 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais para determinar os parámetros para considerar unha vivenda como desocupada, que permita a imposición efectiva de recargos no IBI naqueles concellos que así o acorden.

- Demandar do Goberno español a iniciativa lexislativa para a modificación da Lei de Arrendamentos Urbanos que mellore a estabilidade dos contratos, limite o incremento dos prezos entre contrato e contrato, e limite as fianzas.

- Desenvolver un novo programa para prevención dos desafuzamentos que sexa eficaz, que incremente a coordinación e conexión co sector do traballo social e, en última instancia, que garanta o recolleemento.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2018 12:42
Nº Rexistro: 25993
Data envío: 12/02/2018 12:42:38.466



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 12/02/2018 12:40:00

Marcos Cal Ogando na data 12/02/2018 12:40:07

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.4 26295(10/PNP-001867)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a necesaria transparencia na contratación pública autonómica, nomeadamente no referido aos contratos menores

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Lei de racionalización do sector público autonómico fora presentada polo Goberno da Xunta de Galicia como unha aposta pola transparencia xa que, segundo recolle a nota de información do Consello aos medios dada a coñecer daquela, “a transparencia é o principio que rexerá a contratación pública, xa que se establece a redución á metade da marxe para a adxudicación directa deste tipo de contratos: por riba de 9.000 euros nos contratos de servizos e subministracións e de 25.000 euros de obras será obrigatorio solicitar tres ofertas distintas a empresas non vinculadas entre si”.

Como é coñecido a contratación realizada por contratos menores permite unha ampla marxe para realizar unha adxudicación discrecional e aínda que deba ser utilizada para casos puntuais e xustificables, se acude con demasiada asiduidade. O certo foi que tal proposta pola transparencia pouco durou, xa que remata pouco máis de dous anos despois, e a *Lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público autonómico*, a través da súa disposición derradeira primeira, anula tales límites, elevándose ao dobre desas contías.

No último ano do que a Xunta de Galicia ofreceu datos (o de 2016), a contratación adxudicada a través da figura do contrato menor, ascendeu para o sector público autonómico a 123.903 contratos, por importe de 868.960.521 euros. De feito a través deste tipo de contratación, foron as cantidades que máis se adxudicaron, superando mesmo aos procedementos abertos e supoñendo case que o 50 % da contratación total realizada pola Xunta de Galicia. Unha marxe demasiado ampla de discrecionalidade, sen que medie ningún tipo de publicidade nin se prime a presentación de múltiples ofertantes, cunha “contratación a dedo” excesiva.



 Grupo Parlamentario

Pero é que ademais de constituír unha contía tremendamente elevada, non se favorece o seu control e seguimento, xa que na plataforma de contratación, da Xunta de Galicia, no seu apartado correspondente a “contratos menores” non queda rexistrada a información básica dos ditos contratos, senón que unicamente aparece un número reducido de días.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pódese acceder a tal plataforma actualmente e comprobar, por exemplo, que ningún dos contratos menores realizados durante o último exercicio do 2017 está dispoñible e pode ser examinado (<https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-economica-orzamentaria-e-estadistica/contratacion-publica/contratos-menores>).

Non parece que tal xeito de actuar da Xunta de Galicia beneficie a transparencia necesaria da contratación pública, contradicindo as manifestación realizadas nesta materia polo executivo galego.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a garantir a necesaria transparencia na contratación pública autonómica, nomeadamente nos contratos menores, remitindo a través do *Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico* mensualmente á Cámara galega a información relativa á contratación realizada polo sector público autonómico.

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 18:11
Nº Rexistro: 26295
Data envío: 15/02/2018 18:11:55.959



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/02/2018 18:05:43

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/02/2018 18:05:58

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/02/2018 18:06:12

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/02/2018 18:06:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/02/2018 18:06:31

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

4.5 26821(10/PNP-001896)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao
Goberno central, así como aos concellos galegos a través da
Fegamp, en relación coa devolución do imposto sobre o
incremento do valor dos terreos de natureza urbana
indebidamente cobrado

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26821
Data envío: 22/02/2018 18:43:27.774

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Guadalupe Murillo Solís, Paula Prado del Río, Cristina Romero Fernández, Gonzalo Trénor López e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei par o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, regulado no RDL 2/2004, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante LHL) é un imposto local, dos chamados potestativos, polo que os concellos poden decidir establecelo ou non.

O feito imponible do imposto é, de acordo co artigo 104 da LHL o incremento de valor que experimenten os terreos urbanos e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera título. A cuantificación do imposto faise de forma obxectiva atendendo ao seu valor catastral e aos anos (cun máximo de 20) durante os cales o propietario foi titular do terreo. Este método de cuantificación estableceuse por razóns de simplificación da aplicación do Imposto, pero provoca situacións nas que, a pesar de non existir un incremento real do valor do terreo ou mesmo unha perda de valor, a aplicación da norma determina a tributación por este imposto.

Nos últimos anos o problema agravouse porque a crise inmobiliaria provocou unha perda xeneralizada de valor dos inmobles urbanos. O certo é que esta situación deu pé a un importante número de reclamacións xudiciais que desembocaron na formulación de cuestións de inconstitucionalidade, por consideralo contrario ao principio de capacidade económica contido no artigo 31 da CE. Finalmente, a **Sentenza de 11 de maio de 2017** do Tribunal Constitucional declara a inconstitucionalidade dos artigos 107.1, 107.2.a) e 110.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRHL). Estes artigos, que son os que establecen o mecanismo de cuantificación do imposto, declaráronse inconstitucionais e nulos **“unicamente na medida que someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor”**.

Tras a sentenza do TC, recaeron unha serie de resolucións xudiciais que poñen en dúbida a legalidade da exacción do imposto, aínda nos casos nos que se produciu incremento de valor do inmovible. Entre outras a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid do 19 de xullo de 2017, ou a do Xulgado do Contencioso

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26821
Data envío: 22/02/2018 18:43:27.774

Administrativo número uno de Santander do 14 de xuño de 2017. Esta última sinala que mentres que non se promulgue a nova normativa, os artigos de determinación da base impositiva son inconstitucionais e en consecuencia nulos, polo que non procede a exacción do imposto con base nos mesmos, nin sequera naqueles casos nos que o valor de terreos incrementouse durante o tempo de tenencia polo contribuínte.

O Grupo Parlamentario Popular entende, a vista desta xurisprudencia, faise moi necesaria a modificación urxente do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana aos efectos de axeitala ás últimas sentenzas do Tribunal Constitucional.

Pero mentres se fai esta modificación, o certo é que os Concellos seguen a recadar a Plusvalía, e non están a informar os contribuíntes da perda do seu dereito a reclamar polo transcurso dos catro anos de prescrición.

Para o noso Grupo Parlamentario non é congruente que nun momento no que moitos concellos teñen superávit nas súas contas, parte deste superávit proceda dun imposto que está sendo indebidamente recadado en moitos casos e que o tempo os concellos non estean a habilitar os mecanismos orzamentarios axeitados para proceder a devolución do recadado indebidamente os contribuíntes e para que, ademais, non realicen as devolucions alegando que non teñen dispoñibilidade económica para facelas.

Polo anterior o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar:

1. Ao Goberno español que permita os concellos utilizar os remanentes de tesourería positivos para a devolución da Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana indebidamente cobrado.
2. Aos concellos galegos, a través da FEGAMP:
 - a. Que habiliten mecanismos para proceder á devolución aos contribuíntes afectados das cantidades indebidamente recadadas nos supostos declarados inconstitucionais polo Tribunal Constitucional. Estes

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26821**
Data envío: 22/02/2018 18:43:27.774

mecanismos promoverán que a devolución se realice do xeito máis eficaz posible e mediante procedementos áxiles, co fin de evitar a conflitividade neste ámbito tributario.

- b. Que potencien a información á cidadanía do dereito que lles asiste para reclamar a devolución da plusvalía cobrada indebidamente nos casos de vendas a perda e de que ese dereito se extingue polo transcurso do prazo de prescrición de catro anos.
- c. Que na memoria que acompañe aos seus orzamentos se especifique a contía do IIVTNU recadado nos catro últimos anos e a posibilidade de ter que afrontar a súa devolución como consecuencia da sentenza do TC de 11 de maio de 2017.
- d. Que nas declaracións pola plusvalía que se presenten a partir da sentenza do Tribunal Constitucional e respecto das que se acredite a existencia dunha perda patrimonial, non se proceda ao cobro do imposto en aplicación da devandita sentenza”.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/02/2018 18:40:51

María Guadalupe Murillo Solís na data 22/02/2018 18:40:55

Cristina Isabel Romero Fernández na data 22/02/2018 18:41:05

Paula Prado Del Río na data 22/02/2018 18:41:16

Sandra Vázquez Dominguez na data 22/02/2018 18:41:36

Gonzalo Trenor López na data 22/02/2018 18:41:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26821
Data envío: 22/02/2018 18:43:27.774

José González Vázquez na data 22/02/2018 18:42:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 27000(10/PNP-001911)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución dos tramos pendentes da vía de alta capacidade Costa Norte

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A vía de alta capacidade (VAC) da Costa Norte naceu no ano 2009 cunha vocación clara de vertebrar e mellorar a mobilidade e a competitividade dos veciños e veciñas do litoral do nordeste das provincias da Coruña e Lugo.

Unha infraestrutura de comunicación que está chamada a integrar na rede de altas prestacións do noso país a concellos das comarcas de Ferrol, Eume, Ortegal e a Mariña lucense. É unha infraestrutura que ten como beneficiarios potenciais a máis de 300.000 persoas que, directa ou indirectamente, se verán afectados por este viario. Ademais, non só a mobilidade das persoas vai resultar beneficiada pola obra, senón que a mobilidade de mercadorías de todo o tecido produtivo asentado nestas comarcas e que abrangue ao sector da pesca, da explotación forestal, industria mineira, transportes, téxtil, alimentación, turismo, etc, vaise ver tamén beneficiada pola finalización desta VAC.

A VAC Ferrol – San Cibrao é unha arteria fundamental para o desenvolvemento das comarcas de Ortegal e da Mariña lucense. É prioritario potenciar a dita VAC para poder saír da situación de debilidade económica potenciando o comercio dunhas comarcas abandonadas.

Desde o ano 2009, ano da licitación de dous dos tramos executados, non se volveu facer nada para avanzar nas obras. Non se expropiou nin un só metro máis nin se executou nin un euro máis desde hai 9 anos.

No ano 2016 o Goberno galego adoptou un compromiso en Cariño para executar un cronograma serio e real nuns prazos razoables e recuperando a variante que pasa por Cariño, que estaba introducida no trazado orixinal de 2009.



Grupo Parlamentario

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1º) Licitar en 2018 e con carácter de urxencia a contratación do proxecto correspondente aos seguintes tramos:

San Saturnino AG-64 – Campo do Hospital.
Campo do Hospital – Seoane.
Espasante – O Barqueiro.
O Barqueiro – Covas.

2º) Licitar en 2018 a construción do tramo Covas – Celeiro para que estea rematado no ano 2020.

3ª) Incluír nos orzamentos de 2019 as partidas necesarias para a realización e o desenvolvemento das obras de construción dos tramos San Saturnino AG-64 – Campo do Hospital, Campo do Hospital – Seoane, Espasante – O Barqueiro e O Barqueiro – Covas para que poida estar rematados en 2021.

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/02/2018 11:07:54

Raúl Fernández Fernández na data 27/02/2018 11:08:06

María Luisa Pierres López na data 27/02/2018 11:08:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/02/2018 11:08:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/02/2018 11:08:35

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

4.7 27014(10/PNP-001915)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego das accións legais oportunas para a devolución ao patrimonio público do pazo de Meirás e doutros bens pola actual familia propietaria, así como a actuación que debe levar a cabo en relación co anuncio de venda do pazo

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 12:41
Nº Rexistro: 27014
Data envío: 27/02/2018 12:41:55.556

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Pazo de Meirás representa como ningún outro espazo o enriquecemento da familia Franco como consecuencia do expolio, o roubo, a extorsión e a rapina exercida durante décadas por unha Ditadura cruel e sanguinaria.

Do estudo da documentación sobre o proceso de apropiación das Torres ou Pazo de Meirás dedúcese que se trata dunha “DOAZÓN SIMULADA” á Xefatura do Estado para o exercicio das funcións propias do cargo. Está suficientemente demostrado que este ben foi adquirido nun contexto de falta de liberdade, de coaccións e de terror, destinando a tal fin recursos públicos achegados por diversas administracións. Está tamén acreditado o uso continuado do espazo para acoller reunións do consello de ministros e audiencias oficiais.

2. Máis alá da operación inicial de entrega das Torres, construcións anexas e predio de 5 hectáreas, ao longo dos anos seguintes as administracións públicas destinaron grandes cantidades de recursos á adquisición de propiedades colindantes e á realización de obras de ampliación, reforma e mellora do Pazo e doutros

edificios. En paralelo, está constatada a apropiación por parte da familia Franco doutras propiedades e de bens culturais e artísticos.

Mesmo empregando a lóxica e a pseudolexitimidade da Ditadura franquista, está sobradamente demostrado e acreditado que todos estes bens foron financiados e adquiridos con diñeiro, medios e decisións das administracións públicas, polo que deberían formar parte do patrimonio público e non da familia do Ditador.

3. Logo de 40 anos de Ditadura e outros 40 dun rexime que se di democrático, a realidade é que a familia Franco segue gozando de numerosos bens, títulos e privilexios. Entre eles destaca polo seu simbolismo o Pazo ou Torres de Meirás, declarado Ben de Interese Cultural polo goberno da Xunta no ano 2008. Esta anomalía histórica, impensábel en calquera rexime democrático europeo, aínda é máis ofensiva polo feito de que este espazo está a ser utilizado pola familia e pola Fundación que leva o nome do Ditador para facer apoloxía da Ditadura, do xenocidio e da figura de Francisco Franco.

4. Recentemente anunciouse por parte da familia Franco a intención de vender o Pazo de Meirás, unha decisión que ten como finalidade eludir a demanda social e institucional maioritaria para que este BIC pase ao patrimonio público e poida dedicarse ao estudo da historia contemporánea de Galiza, a divulgación da represión franquista e da loita contra a Ditadura, e a honrar a memoria das vítimas do fascismo.

Das informacións coñecidas até o momento dedúcese que a familia Franco segue a incumprir coas obrigas establecidas na Lei de patrimonio cultural de Galiza, que determina no seu artigo 49 o seguinte:

Artigo 49. *Dereitos de tanteo e retracto*



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 12:41
Nº Rexistro: 27014
Data envío: 27/02/2018 12:41:55.556

1. Calquera pretensión de transmisión onerosa da propiedade ou de calquera dereito real de disfrute dos bens de interese cultural deberalle ser notificada, de forma que faga fe, á consellaría competente en materia de patrimonio cultural con indicación do prezo e das condicións en que se propoña realizar aquela. En todo caso, na comunicación da transmisión deberá acreditarse tamén a identidade da persoa adquirente.

5. A Xunta de Galiza promoveu no ano 2008 a declaración do conxunto das Torres ou Pazo de Meirás como Ben de Interese Cultural, coa categoría de sitio histórico, atendendo ao significado e simbolismo deste espazo como lugar de cultura e como escenario dunha páxina negra da historia de Galiza, marcada polo terror, a devastación e a persecución política dirixida polo Ditador Francisco Franco. En consonancia coa declaración de BIC e tendo en conta a intención da familia Franco de volver facer negocio coa venda dun ben que foi resultado dun xigantesco latrocinio, a Xunta de Galiza ten a obriga de emprender as accións legais necesarias para acabar coa impunidade e o enriquecemento a conta dos bens públicos da que segue gozando a familia do Didator.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Desenvolver as accións legais oportunas para demandar a devolución ao patrimonio público dos bens que foron expoliados pola familia Franco, nomeadamente o Pazo de Meirás.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 12:41
Nº Rexistro: 27014
Data envío: 27/02/2018 12:41:55.556

2. Abrir un expediente informativo a respecto do anuncio pola familia Franco da venda do Pazo de Meirás.”

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2018 12:29:05

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2018 12:29:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2018 12:29:17

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2018 12:29:21



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 12:41
Nº Rexistro: 27014
Data envío: 27/02/2018 12:41:55.556

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2018 12:29:28

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2018 12:29:47

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

4.8 27161(10/PNP-001929)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o deseño e traslado ao Parlamento de Galicia dun novo Plan forestal

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados, **Francisco Casal Vidal, Paula Quinteiro Araujo, David Rodriguez Estévez e Luis Villares Naveira** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno, relativa ao Plan Forestal de Galicia**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asociacións do sector forestal, sindicatos, comunidades de montes, partidos políticos, etc. puxéronse en contacto coa Xunta de Galicia para instala a que a revisión do Plan Forestal de Galicia se fixese de maneira colaborativa, para ser tal de xerar os maiores valores para a sociedade galega, os seus propietarios forestais, as súas empresas e a súa industria.

Unha revisión do Plan que sexa capaz de aproveitar as oportunidades dos próximos anos e responder eficazmente aos retos e problemas que presenta.

Porén a Xunta de Galicia non está a contemplar ningunha das aportacións recibidas e manifesta que vai publicar un Plan Forestal de maneira unilateral. Isto está a producir un profundo rechazo en todos os sectores afectados empresarial e socialmente.

Consideramos que a súa elaboración presenta carencias importantes. En primeiro lugar, o sector e as entidades sociais non foron consultados na fase de elaboración do borrador do Plan. Tal e como se reflicte na páxina web da Consellería do Medio Rural, na medida 4 propoñíase manter un grupo de traballo



como organismo consultivo que revisara e realizara un seguimento da redacción do PFG. Isto non ocorreu.

Na medida 5, sinalase a necesidade de recompilar informes complementarios sobre oferta e demanda de madeira para alcanzar unha análise máis precisa e con menos incertidume do recurso madeireiro. Sen embargo, a análise estratéxico non é o axeitado, sendo preciso un plan estratéxico que contemple unha análise máis rigorosa.

Como resultado da medida 4, ao non implicar á todas as entidades afectadas na elaboración do mesmo, o borrador non é de consenso, nin é o resultado dunha análise e discusión cos sectores afectados.

O Plan Forestal de Galicia debe ser un documento estratéxico que debe contar non só coa implicación de todos os axentes que interveñen no sector forestal, senón co de todas as forzas políticas, ámbito académico e sociedade en xeral, cousa que non ten acontecido. Por todo elo consideramos imprescindible que todos os sectores implicados participen activamente na análise estratéxica do Plan, con grupos de traballo participativos e multidisciplinares, para deseñar entre todos un Plan Forestal de futuro.

Sería tremendamente irresponsable aprobar un documento desta transcendencia sen darse as circunstancias antes descritas, a non ser que a aprobación do mesmo sexa un obxectivo final en si mesmo. É imprescindible por en marcha dinámicas de traballo conxunto onde se poidan consensuar as liñas estratéxicas que poderían complementar o documento final.

Tendo en conta que o Plan Forestal de Galicia é unha ferramenta imprescindible para o desenvolvemento do territorio; equilibrio territorial; fomento da industria forestal, da madeira e o moble; a creación de milleiros de postos de traballo no rural galego e moitas outras implicacións, convértese nunha das



regulamentacións públicas máis estratéxicas para o noso País. Por elo semella moi irresponsable pretender aprobalo de presa e correndo sen contar cos sectores implicados e sen ter sido debatido no Parlamento de Galicia onde reside a soberanía popular.

Por todo o exposto, **En Marea** presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Poñer en marcha grupos de traballo participativos e multidisciplinares coa representación de todos os sectores implicados na cadea de valor forestal, da madeira e o moble, así como asociacións de protección e estudo do medio ambiente, universidades e grupos políticos, para deseñar entre todos un proxecto de Plan Forestal de Galicia de futuro e pensado a longo prazo.

2.- Trasladar ao Parlamento de Galicia o proxecto final de Plan Forestal, emanado dos grupos de traballo descritos no punto 1 desta PNL, onde se creará unha Comisión de Estudo, co formato que o regulamento da cámara así o determine, para tentar chegar a un acordo parlamentario o máis amplo posible para unha iniciativa de País como esta que debería poder estar vixente durante décadas.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araujo

Voceiro do G.P. de En Marea

Davide Rodríguez Estévez



Deputados e deputada do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 17:10
Nº Rexistro: 27161
Data envío: 01/03/2018 17:10:40.385

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 01/03/2018 16:52:37

Paula Quinteiro Araújo na data 01/03/2018 16:52:47

David Rodríguez Estévez na data 01/03/2018 16:52:57

Luis Villares Naveira na data 01/03/2018 16:53:04

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

5.1 26404(10/INT-000852)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre a política do Goberno galego en materia de igualdade,
conciliación e corresponsabilidade

Publicación da iniciativa, 267, 27.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 09:52
Nº Rexistro: 26404
Data envío: 19/02/2018 09:52:40.349



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

As desigualdades no reparto dos tempos do traballo reprodutivo entre homes e mulleres segue a estar moi presente no noso País. De xeito moi maioritario, as coidadoras seguen tendo nome de muller.

Segundo datos da Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia, no ano 2016, o 91% das excedencias para o coidado das crianzas foron solicitadas por mulleres, o mesmo que o 79,8% no caso do coidado doutros familiares.

Das 14.522 prestacións por maternidade só no 2,5 % dos casos o perceptor foi o pai.

Datos que evidencian que nos queda moito por avanzar para conquistar igualdade nesta cuestión.

Isto, engadido ás maiores taxas de precariedade no traballo asalariado fai que, as mulleres representen o 65% da poboación mundial que tendo alcanzado idades previstas pola lexislación para recibir unha pensión de xubilación non a reciben.

A diferenza salarial das pensións tamén é moi notoria. Mentres os homes galegos perciben unha contía media de 1041 euros, as mulleres perciben de media só 647 euros, presentándose unha diferenza dun 38%.

Precisamos dunha transformación que atinxa o conxunto da sociedade e das súas estruturas, un cambio que excede os límites das propias administracións públicas,



pero que tamén debe atravesar a estas. Na actualidade o papel da Xunta de Galicia respecto a estas desigualdades estruturais non é o axeitado.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos ao respecto das desigualdades no reparto do traballo reprodutivo? Que medidas está pondo en marcha para reducir estas?
2. Contabiliza, a Xunta de Galicia, dalgún xeito o valor social e económico deste traballo? De ser afirmativa a resposta, de que xeito se fai?
3. Cando se realizou por parte da Xunta de Galicia o último estudo sobre o uso dos tempos nos fogares?
4. Que medidas levaron a cabo neste ano en relación ao VII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020?
5. Considera a Xunta de Galicia que este Plan vai servir para dar resposta ás desigualdades que se dan entre homes e mulleres no reparto dos tempos de traballo?
6. Que avances se deron para a elaboración do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade anunciado neste Plan?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 09:52
Nº Registro: 26404
Data envío: 19/02/2018 09:52:40.349

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 19/02/2018 09:51:34

Marcos Cal Ogando na data 19/02/2018 09:51:43

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 27038(10/INT-000870)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Xoaquín Fernández Leiceaga, Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A política de recursos humanos da Xunta de Galicia no que corresponde ao eido sanitario é un lastre para o correcto funcionamento do sistema. Os problemas asociados á eventualidade e precarización do emprego sanitario provocan problemas de calidade asistencial, polos constantes cambios e imprevisibilidade do sistema, ademais dos riscos asociados ao estrés, inseguridade laboral e capacidade de adaptación do funcionamento dos servizos con persoal con altísima taxa de rotación.

Por outra banda, a falta de persoal contribúe de maneira decisiva a elevar as listas de espera, e provocar saturacións constantes nos servizos, como se pode comprobar nos espazos de urxencias hospitalarias, na atención primaria e na dificultade para alixeirar as listas de espera en operacións. Na realidade actual, diversos colectivos profesionais e sindicais apuntan á existencia dun elevado número de prazas de persoa presupostadas pero non ocupadas por persoal estatutario no Servizo Galego de Saúde.

A Xunta de Galicia, ante as numerosas preguntas e iniciativas parlamentarias iniciadas polo Grupo Socialista, argumenta habitualmente que existe un déficit de especialistas que impide repoñer ou ocupar postos de profesionais sanitarios, o que explica as situacións antes descritas.

Neste contexto a Universidade de Santiago de Compostela, a única que imparte a titulación universitaria de Medicina no Sistema universitario de Galicia, vén de anunciar a redución de número de admitidos por ano na Facultade de Medicina, que pasará de 360 prazas a 342 anuais para o vindeiro curso universitario 2018/2019.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da redución de prazas de acceso á titulación de Medicina na Universidade de Santiago de Compostela?
2. Considera a Xunta de Galicia acertada a redución de prazas de Medicina na USC?
3. Tivo coñecemento a Xunta de Galicia da medida de redución de prazas de acceso á titulación de Medicina na USC para o vindeiro curso? Que opinión transmitiu a Xunta de Galicia á USC acerca desta medida?
4. Considera a Xunta de Galicia necesario encamiñar a titulación universitaria en Medicina á redución de prazas de acceso anuais?
5. Cantas prazas anuais de acceso á titulación de Medicina considera a Xunta de Galicia que serían óptimas dende o punto de vista das necesidades laborais e asistenciais existentes?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Xoaquín Fernández Leiceaga
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/02/2018 17:23:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 17:24
Nº Rexistro: 27038
Data envío: 27/02/2018 17:24:39.171



 [Grupo Parlamentario](#)

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/02/2018 17:23:52

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/02/2018 17:23:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/02/2018 17:24:02

Noela Blanco Rodríguez na data 27/02/2018 17:24:06

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

5.3 27145(10/INT-000878)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co impacto do actual modelo de revalorización das pensións contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Paula Quinteiro Araujo, Francisco Casal Vidal, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Davide Rodríguez Estévez e Eva Solla Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

O mecanismo de revalorización das pensións é fundamental para garantir o dereito constitucional a un retiro digno, xa que é a clave para que as persoas beneficiarias poidan tomar decisións fundadas acerca do seu futuro e, polo tanto, gozar dunha ben merecida estabilidade. Trátase, noutras palabras, dunha protección imprescindible fronte aos riscos e dificultades que van aparellados ao envellecemento.

Porén, isto non impediu que no marco de redución do déficit público se contemplase a suspensión da revalorización (Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio, Lei 39/2010, de 22 de decembro, LPE para 2011, RDL 28/2012, do 30 de novembro) como medida excepcional e conxuntural. Tampouco significou moito que a suspensión fora contraria a Recomendación número 11 do Pacto de Toledo.

A medida “conxuntural” adquiriu a categoría de definitiva tralo Informe do Comité de Expertos do 7 de xuño de 2013. O informe suxería non revalorizar anualmente as pensións atendendo ao IPC senón a un novo índice menor que a inflación. Dita “revalorización” suporía, na práctica, unha perda constante de



poder adquisitivo para as persoas pensionistas. Este novo factor incumpre dun xeito flagrante o artigo 50 da Constitución, que obriga a os poderes públicos a garantir, mediante pensións adecuadas e actualizadas periodicamente, a suficiencia económica da cidadanía durante a terceira idade.

O novo índice de revalorización é problemático mesmo na súa caracterización. É opaco no seu deseño e funcionamento, arbitrario na fixación da contía da revalorización e deixa moita marxe á discrecionalidade. Ademais, é inxusto por como afecta ás pensións mínimas e as non contributivas. Ao supor unha gran perda económica, pode derivar nun empobrecemento paulatino das persoas coas prestacións máis baixas, mulleres na súa meirande parte.

Deténdonos no aspecto estritamente xurídico, o feito de que a medida afecte ás pensións causadas con anterioridade á reforma é susceptible de ser inconstitucional, xa que ten efectos retroactivos prexudiciais para a cidadanía. A medida tamén pode vulnerar a doutrina do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que considera que “calquera axuste no sistema de pensións debe levarse a cabo de maneira gradual, prudente e medida” pois “calquera outro enfoque podería poñer en perigo a paz social, a previsibilidade do sistema e a seguridade xurídica”.

Hai, polo tanto, motivos dabondo para modificar o método actual de revalorización anual das pensións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Cal e a posición da Xunta de Galicia sobre o actual modelo de revalorización das pensións contributivas, regulado no artigo 58 do Texto



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 13:33
Nº Rexistro: 27145
Data envío: 01/03/2018 13:33:23.355



refundido da Lei da Seguridade Social, que eliminou o IPC como referencia para establecer variables que determinan un incremento do 0,25%, moi por baixo do incremento dos prezos, o que condena as persoas pensionistas galegas a sufrir unha perda importante e sostida do seu poder adquisitivo, como por exemplo o 2% que perderon tan só en 2017?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/03/2018 13:14:20

Luis Villares Naveira na data 01/03/2018 13:14:32

Carmen Santos Queiruga na data 01/03/2018 13:14:41

Antón Sánchez García na data 01/03/2018 13:14:48

Paula Vázquez Verao na data 01/03/2018 13:14:58

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/03/2018 13:15:01

Juan José Merlo Lorenzo na data 01/03/2018 13:15:05

Eva Solla Fernández na data 01/03/2018 13:15:09

Luca Chao Pérez na data 01/03/2018 13:15:13

Paula Quinteiro Araújo na data 01/03/2018 13:15:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 13:33
Nº Rexistro: 27145
Data envío: 01/03/2018 13:33:23.355



Magdalena Barahona Martín na data 01/03/2018 13:15:21

Francisco Casal Vidal na data 01/03/2018 13:15:26

David Rodríguez Estévez na data 01/03/2018 13:15:30

Marcos Cal Ogando na data 01/03/2018 13:15:33

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

6.1 27786(10/POPX-000079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante as reclamacións sociais contra a discriminación das mulleres, as baixas pensións ou os recortes na xustiza



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 18:26
Nº Rexistro: 27786
Data envío: 12/03/2018 18:26:09.843

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza ante o clamor social nas rúas contra a discriminación das mulleres, as baixas pensións ou os recortes na xustiza?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2018 18:22:45

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

6.2 27787(10/POPX-000080)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego de políticas públicas á altura do que merecen as persoas maiores



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 18:26
Nº Rexistro: 27787
Data envío: 12/03/2018 18:26:19.124



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, considera vostede que ten políticas públicas á altura do que merecen as persoas maiores?

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/03/2018 16:57:22

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

6.3 27789(10/POPX-000081)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para atender as reclamacións da cidadanía galega expresadas nas rúas durante as últimas semanas

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Que vai facer a Xunta de Galicia para atender as xustas reclamacións da cidadanía galega, expresadas nas rúas durante as últimas semanas?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 12/03/2018 18:27:30

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 24210(10/POP-002925)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a posición que vai adoptar a Xunta de Galicia en relación coas reivindicacións laborais do persoal da Administración de xustiza, despois da ruptura das negociacións co Comité de folga e tendo en conta o acordo parlamentario ao respecto

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



Á MESA DO PARLAMENTO.

Luís Villares Naveira, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O comité de folga de Xustiza deu por rotas as negociacións coa Consellería que preside Alfonso Rueda, ao intervir nas mesmas o Director da Función Pública e apartando a presidenta do Consello de relacións laborais. Os principais puntos de discrepancia constitúeno o apartado retributivo e o das incapacidades temporais.

O Parlamento de Galicia aprobou unha proposición non de lei na que asumiu por unanimidade aceptar todas as reivindicacións do colectivo do sector xudicial na equiparación salarial e complementos de persoal en relación cos persoal de xustiza noutras comunidades autónomas, así como na percepción das prestacións por Incapacidade temporal e similares, a reposición de prazas amortizadas desde o ano 2012 e a consolidación das prazas de reforzo con máis de 3 anos de existencia.

Despois do éxito da convocatoria da manifestación para o día de hoxe día 25 de xaneiro de 2018, secundada por o 95% do sector xudicial es este Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno:

- Que posición vai adoptar a Xunta de Galicia despois de romper as negociacións co Comité de Folga de Xustiza na ultima reunión e tendo en conta a posición unánime do Parlamento de Galicia de apoiar todas as reivindicacións das persoas traballadoras do ámbito xudicial?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018.



Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 18:27
Nº Rexistro: 24210
Data envío: 25/01/2018 18:27:48.435

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 25/01/2018 18:26:54

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

7.2 27753(10/PUP-000153)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da implantación de medidas eficaces para contrarrestar todas as desigualdades denunciadas polas mulleres galegas nas manifestacións do 8 de marzo de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 17:24
Nº Rexistro: 27753
Data envío: 12/03/2018 17:24:43.434



Grupo Parlamentario

óÁ Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, M^a Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa reposta **oral** en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada pola necesidade de que o Goberno galego dea conta das medidas adoptadas e dos obxectivos programados en materia de igualdade, tras o clamor igualitario celebrado o pasado día 8 de marzo.

Ao longo da VII lexislatura tivemos ocasión de ver cómo no Parlamento galego se aprobaba o Proxecto de lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Un ambicioso texto legal que foi impulsado co obxectivo de conseguir que as traballadoras teñan as mesmas oportunidades que os seus compañeiros masculinos de forma real e efectiva. Unha norma que contou co valor engadido de ser abordada en permanente comunicación con axentes sociais, laborais e económicos da Comunidade Autónoma.

Unha normativa fundamentada na toma de conciencia de que a discriminación sufrida polas mulleres é a máis antiga e persistente no tempo, a máis estendida no ámbito territorial, a que máis formas revestiu ao longo da historia, e a que afecta ao maior número de persoas.

A Lei do traballo en igualdade foi impulsada para abordar a desigualdade que sofre a muller no ámbito laboral de forma estrutural, de tal maneira que establece medidas para favorecer o seu acceso ao emprego en condicións de igualdade, a través dun plan de emprego feminino; crear unha unidade administrativa sobre igualdade dentro do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo; fomenta a promoción profesional da muller a través do



Grupo Parlamentario

impulso de plans de igualdade nas empresas e coa creación da Marca Galega de Excelencia en Igualdade; establecer canles de participación das asociacións de mulleres nas políticas laborais; articular o seguimento da negociación colectiva, para evitar cláusulas discriminatorias; ter en conta de forma específica as necesidades de formación das desempregadas, e concretamente as dos sectores agrogandeiro e pesqueiro; e tamén facer fincapé na necesidade de fomentar a corresponsabilidade nos eidos laboral, persoal e familiar, co apoio á vertebración de plans de programación de tempo e de bancos de tempo nos distintos municipios.

Todo este importante esforzo da VII lexislatura está sendo destruído na actual polo Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo. Comezou por modificar a lei, apoiándose nesa suposta racionalización administrativa das políticas de igualdade, pero que na realidade, o obxectivo principal foi poñer en mans exclusivas da Administración galega o desenvolvemento e deseño das políticas de igualdade.

Despois destes anos vemos, con profunda tristura, que as expectativas xeradas por esta importantísima norma van esmorecendo. Sen pechar os ollos á influencia da crise global que estamos a vivir, en Galicia temos que facer referencia á mala xestión do Executivo galego.

E mentres tanto na rúa as mulleres este pasado 8 de marzo teñen manifestado amplamente o seu malestar e disconformidade cunha realidade para a que , as medidas postas en práctica parecen levar un ritmo lento e insuficiente. A fenda salarial entre homes e mulleres, o maior índice de paro nas mulleres, menores pensións, alta feminización de traballos pouco remunerados, o seu papel principal como coidadoras, pouca presenza en postos de representatividade nas empresas públicas e privadas, etc... son moitas das consecuencias que se pretenden atallar e para as que as medidas se demostran totalmente ineficaces.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 17:24
Nº Rexistro: 27753
Data envío: 12/03/2018 17:24:43.434



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está a Xunta de Galicia disposta a implantar medidas eficaces que contrarresten todas as desigualdades que gran parte das mulleres galegas teñen denunciado nas manifestacións do pasado 8 de marzo?

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
M^a Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 12/03/2018 17:22:43

María Dolores Toja Suárez na data 12/03/2018 17:22:50

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/03/2018 17:23:01

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/03/2018 17:23:06

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/03/2018 17:23:11

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 26127(10/POP-003105)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a licitación do proxecto de dragaxe e rexeneración do fondo da ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Alá polos anos 2006 ou 2007, a cidade de Pontevedra comezaba a solicitar a Portos de Galicia un proxecto para o dragado e rexeneración do fondo da ría de Pontevedra, aproximadamente 5 quilómetros da canle de navegación dende a ponte do Burgo ata o dique de Os Praceres, por ser preciso dende un punto de vista medioambiental, marisqueiro, pesqueiro e deportivo. E así se foi fraguando un proxecto, que o Goberno da Xunta de Galicia ten paralizado e iso que todos os sectores afectados (as confrarías do fondo da ría, o *Club Naval de Pontevedra* e o propio Concello) llo teñen demandado. Xa o ex presidente de Portos de Galicia, José Manuel Álvarez Campana, anunciaba en 2009 o dragado e o interese que tiña o ente público en optimizar as posibilidades dunha futura estación marítima como eixo dun proxecto sobre o que pivotaría unha fórmula de transporte de pasaxeiros na ría de Pontevedra.

As últimas novidades son de finais de 2016, co anuncio de Portos de Galicia de que a finais de 2018 estaría rematado e licitado o proxecto, despois de ter recibido diversas alegacións ao anteprojecto e feito a DIA. A día de hoxe, en 2018, a situación segue a ser a mesma e xa se fai insostible, pois tanto o río como a ría vanse cegando.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando vai licitar o Goberno galego o proxecto de dragado e rexeneración do fondo da ría de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 12:34
Nº Rexistro: 26127

Data envío: 14/02/2018 12:34:35.571



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/02/2018 11:43:38

María Luisa Pierres López na data 14/02/2018 11:43:43

María Dolores Toja Suárez na data 14/02/2018 11:43:48

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2018 11:43:52

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

7.4 26804(10/POP-003185)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Calidade Ambiental en relación coas verteduras producidas nunha das balsas da mina existente nos concellos de Touro e do Pino

Publicación da iniciativa, 268, 28.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:10
Nº Rexistro: 26804
Data envío: 22/02/2018 17:10:28.627



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Pleno, **relativa ás verteduras producidas nunha das balsas mineiras en Touro-O Pino.**

Estamos ante un novo desastre medioambiental derivado da actividade mineira en Touro-O Pino. As abundantes choivas dos últimos días provocaron o desbordamento dunha balsa na corta de Bama, causando un novo episodio de contaminación no río Brandelos.

A vertedura da balsa, situada a uns 100 metros da canle fluvial afectada e a unha elevación duns 50 metros sobre esta, é de cor turquesa-branquecina, formando espuma ao baterse e "agravando de xeito preocupante a situación do río Brandelos, que xunto con outras canles fluviais da zona de afección das antigas labores mineiras na zona de Touro, experimenta dende hai anos unha grave problemática ambiental polo desleixo das administracións e os efectos das drenaxes",

Como denuncia a Asociación Aldea Viva, a mencionada balsa é unha balsa mineira e non se trata dunha balsa de decantación de escorrentías executada como parte do proxecto de restauración ambiental, como parece que está a argumentar a empresa que explota a concesión. Esta balsa formaba parte xa no 1983 da explotación mineira, polo que é de prever que os lodos contaminantes, metais pesados e sustancias empregadas na depuración do mineral, encóntranse nela en altas concentracións.



O aporte deste caudal aos cursos fluviais, agrava aínda máis o penoso estado ambiental do Río Brandelos (tributario do Río Ulla). Por todo elo, dada a gravidade da situación Aldea Viva cursou instancias de actuación inmediata á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e a Augas de Galicia para actuar e intervir con prontitude, comunicándollo ao titular dos terreos onde se localiza a balsa para que proceda as actuacións pertinentes para evitar a continuación da contaminación.


Esta situación é "manifestamente incompatible" coa Directiva Marco da Auga (2000/60/CE), establecida para deter o deterioro do estado das masas de auga en todo o ámbito da Unión Europea e conseguir un bo estado dos recursos hídricos.

Esta norma afirma nas súas consideracións que "a contaminación química das augas superficiais representa unha ameaza para o medio acuático con efectos como toxicidade aguda e crónica para os organismos acuáticos, acumulación no ecosistema e perdas de hábitats e biodiversidade, así como para a saúde humana".

Considera, igualmente, que "é preciso identificar as causas da contaminación e tratar as emisión preferentemente na fonte mesma, da forma máis eficaz en termos económicos e ambientais", algo que, "en aparencia, a Consellería competente en materia de minas da Xunta de Galicia non está a realizar de maneira axeitada, por máis que o Director Xeral de Enerxía e Minas nos fale reiteradamente de «minería sostible» en apoio das empresas que desenvolven a tarefa extractiva”



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:10
Nº Rexistro: 26804
Data envío: 22/02/2018 17:10:28.627





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:10
Nº Rexistro: 26804
Data envío: 22/02/2018 17:10:28.627

 GRUPO PARLAMENTAR
en marea



Ante todo o exposto, **En Marea** presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**:

- Que actuacións puxo en práctica a Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Calidade Ambiental) ante os feitos referidos na exposición de motivos?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:10
Nº Registro: 26804
Data envío: 22/02/2018 17:10:28.627

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 22/02/2018 17:07:23

Antón Sánchez García na data 22/02/2018 17:07:36

Marcos Cal Ogando na data 22/02/2018 17:07:44

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 24021(10/POP-002909)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das conclusións e resultados do encontro levado a cabo en León, o día 18 de xaneiro de 2018, polas comunidades autónomas de Galicia, Asturias e Castela León en materia educativa

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24021
Data envío: 23/01/2018 19:42:37.519

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Teresa Egerique Mosquera, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O pasado 18 de Xaneiro de 2018 celebrouse un encontro a tres bandas entre Galicia, Asturias e Castela León para abordar a realidade dos tres sistemas educativos destas comunidades autónomas; un encontro que ben a ser un bo exemplo de entendemento e suma de esforzos no camiño para acadar un pacto social e político pola educación.

Este encontro, que congregou a tres comunidades autónomas que teñen acadado bos resultados nos últimos anos en informes como PISA ou nos índices de abandono escolar temperá, posibilitou intercambiar e sumar liñas de traballo e diferentes experiencias de éxito co fin de seguir mellorando os respectivos sistemas educativos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego sobre as conclusións e resultados acadados no encontro trilateral en materia educativa celebrado en León o 18 de xaneiro de 2018?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 23/01/2018 19:40:18

Teresa Egerique Mosquera na data 23/01/2018 19:40:24

María Antón Vilasánchez na data 23/01/2018 19:40:34

Carlos Gómez Salgado na data 23/01/2018 19:40:40

Carlos Enrique López Crespo na data 23/01/2018 19:40:48

Antonio Mouriño Villar na data 23/01/2018 19:40:55

Moisés Rodríguez Pérez na data 23/01/2018 19:41:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24021
Data envío: 23/01/2018 19:42:37.519

Martín Fernández Prado na data 23/01/2018 19:41:13

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

7.6 26967(10/PUP-000151)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da contratación, a través dun procedemento negociado sen publicidade, dun programa de actividades para a promoción do evento Xacobeo 2021 por importe de case tres millóns de euros (IVE incluído)

Publicación da iniciativa, 268, 28.02.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 17:09
Nº Rexistro: 26967
Data envío: 26/02/2018 17:09:23.564

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

Pola falta de transparencia no proceso de contratación do patrocinio publicitario e as denuncias que este suscitou por parte dos axentes culturais.

Exposición de motivos

O 21 de febreiro de 2018 publicouse no portal de contratación da Xunta de Galiza a resolución dun contrato privado de patrocinio publicitario entre a Axencia Turismo de Galicia e a UTE Old Navy Port Producións, S. L. e Esmerarte Industrias Creativas, S. L. para a promoción do evento Xacobeo 2021, a través da celebración do festival 'O Son do Camiño' en Santiago de Compostela e cinco concertos nas principais cidades galegas no ano 2018.

A contía total da contratación ascende a 2.975.000 millóns de euros (IVE incluído) e foi resolta a través dun proceso negociado sen publicidade.

Dous días despois, o 23 de febreiro, ‘O Son do Camiño’ dá a coñecer o cartel e as bandas que actuarán no Monte do Gozo entre as que se atopan relevantes artistas internacionais cunha presenza de bandas galegas, e en galego, absolutamente residual.

As entradas do festival, que terá lugar os días 28 a 30 de xuño, saen á venda a un prezo inicial de 39 euros + gastos (bono tres días).

Sorprende que o principal evento promocional arredor do Xacobeo 2021, que, cómpre lembrar, foi anunciado publicamente pola Xunta de Galiza como actividade propia a través da Axencia de Turismo o 12 de xaneiro de 2018, teña un custe tan elevado e, na súa contratación, o Goberno galego apenas actúe de patrocinador. Alén do máis, sorprende o procedemento de contratación seguido pola Xunta, sen publicidade por exclusividade, o que provocou grande malestar entre as empresas do sector.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galiza a través da AGADIC destinou en materia de subvencións a festivais de música para o ano 2017, a última convocatoria publicada até o momento, tan só 220.000 euros (DOG núm. 63, do xoves 20 de marzo de 2017) sendo o máximo ao que pode optar calquera proxecto que a solicite de 50.000 euros.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados e deputadas asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 17:09
Nº Rexistro: 26967
Data envío: 26/02/2018 17:09:23.564

Por que se contratou a través dun proceso sen publicidade por exclusividade, é dicir, sen concurso público, un programa de actividades que ascende a case tres millóns de euros (IVE incluído)?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/02/2018 17:08:19

Noa Presas Bergantiños na data 26/02/2018 17:08:24

María Montserrat Prado Cores na data 26/02/2018 17:08:28



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 17:09
Nº Rexistro: 26967

Data envío: 26/02/2018 17:09:23.564

Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2018 17:08:30

Xosé Luis Bará Torres na data 26/02/2018 17:08:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/02/2018 17:08:35

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.03.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 23557(10/POP-002874)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para mellorar o servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 13:43
Nº Rexistro: 23557
Data envío: 18/01/2018 13:43:17.198

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á posta en funcionamento do novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense coa posta en funcionamento do novo edificio.

O Complexo Hospitalario de Ourense viña contando cun servizo de cociña no que as e os traballadores do servizo preparaban a comida para dar servizo ás necesidades da instalación hospitalaria. Segundo as últimas informacións e os datos derivados do anuncio da licitación pública anunciada en setembro de 2017, a aposta para o servizo de cociña futuro do Hospital ourensá contará cun sistema mixto de liña tradicional e liña fría ou precociñada.

Se ben é certo que as e os profesionais así como o persoal usuario levan anos demandando unha mellora das instalacións de cociña e que as obras de ampliación poden ser unha oportunidade para este obxectivo, tamén o é que despois de anos de atrasos e indefinición sobre as obras proxectadas, continúan en aberto numerosas cuestións que preocupan ás e aos ourensáns.

Doutra banda, a situación de deterioro da actual cociña e a distancia entre os edificios novo e antigo engade novas dificultades ao desenvolvemento do traballo da



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 13:43
Nº Rexistro: 23557
Data envío: 18/01/2018 13:43:17.198

cociña que van en detrimento das e dos traballadores e poden chegar a repercutir tamén nos e nas usuarias.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou ou vai levar acabo o goberno galego para mellorar o servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense en canto non é unha realidade a nova instalación?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 13:43
Nº Rexistro: 23557
Data envío: 18/01/2018 13:43:17.198

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2018 13:37:17

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2018 13:37:26

Ana Pontón Mondelo na data 18/01/2018 13:37:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/01/2018 13:37:29

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2018 13:37:31

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2018 13:37:32

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

7.8 27774(10/PUP-000155)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a dotación dos medios humanos e materiais suficientes do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 18:13
Nº Rexistro: 27774
Data envío: 12/03/2018 18:13:26.669



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**, relativa a situación das urxencias no CHUS.

Xustificación da Urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de tratar de xeito inmediato este asunto para poder adoptar solucións o antes posible.

Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter urxente:**

- Cando ten pensando o Goberno, dotar dos medios materiais e humanos suficientes o servizo de urxencias do CHUS?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 18:13
Nº Rexistro: 27774
Data envío: 12/03/2018 18:13:26.669

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 12/03/2018 17:54:52

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

7.9 27095(10/POP-003221)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa
implantación e o funcionamento das casas niño como recurso de
conciliación nos núcleos rurais

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 27095
Data envío: 28/02/2018 13:55:55.858

A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domíguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A situación demográfica é unha prioridade para o Goberno galego como se pon de manifesto cos diferentes programas que de xeito transversal está a desenvolver a Xunta coa pretensión de crear en Galicia un entorno social favorable para vivir, para formar unha familia e para que cada quen poida ter os cativos que desexe.

Dentro das medidas postas en marcha destaca, pola súa novidade, a das Casas Niño. As Casas Niño integran o Programa de Apoio á Natalidade, no que atinxe á área de conciliación, especificamente concebidas para os núcleos de poboación con menos de 5.000 habitantes que carecen dun servizo de atención continuada á infancia para nenos menores de tres anos.

Dende a primeira convocatoria de axudas realizada no ano 2016 na nosa Comunidade Autónoma co fin de posibilitar a posta en funcionamento deste tipo de recurso, que ofrece unha atención personalizada, integral, de horario flexible e gratuíta, a Xunta de Galicia dedicou á creación das Casas Niño unha partida orzamentaria que ronda os cinco millóns de euros e que permitiu que, a día de hoxe, estean funcionando preto de medio cento.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a valoración que fai o Goberno galego da implantación e funcionamento das Casas Niño como recurso de conciliación nos núcleos rurais?



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 27095
Data envío: 28/02/2018 13:55:55.858**

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 28/02/2018 13:53:56

Marta Rodriguez Arias na data 28/02/2018 13:54:05

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/02/2018 13:54:12

María Encarnación Amigo Díaz na data 28/02/2018 13:54:18

María Ángeles Garcia Míguez na data 28/02/2018 13:54:24

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 28/02/2018 13:54:30

María Soraya Salorio Porral na data 28/02/2018 13:54:38

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/02/2018 13:54:44

Sandra Vázquez Dominguez na data 28/02/2018 13:54:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.03.2018

Hora: 10:00

Orde do día

7.10 27773(10/PUP-000154)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da
aprobación, antes da Semana Santa, do Plan de prevención e
defensa contra os incendios forestais de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 18:09
Nº Rexistro: 27773
Data envío: 12/03/2018 18:09:35.341

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia xustifícase pola crecente preocupación social existente en Galiza pola loita contra os incendios forestais.

Exposición de motivos

Ante a crecente preocupación social que hai na Galiza pola loita contra os incendios forestais, fórmulase a seguinte pregunta co obxecto de coñecer que medidas de prevención e de loita contra os incendios pensa incluír o Goberno galego no Pladiga para corrixir erros do pasado e usar todos os recursos de prevención dispoñíbeis para evitar que se poidan repetir graves incendios.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados e deputadas asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 18:09
Nº Rexistro: 27773

Data envío: 12/03/2018 18:09:35.341

Ten previsto a Xunta de Galiza aprobar o Pladiga antes de Semana Santa?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/03/2018 18:07:52

María Montserrat Prado Cores na data 12/03/2018 18:07:58

Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2018 18:08:00

Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2018 18:08:01

Noa Presas Bergantiños na data 12/03/2018 18:08:03



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 18:09
Nº Rexistro: 27773
Data envío: 12/03/2018 18:09:35.341

Xosé Luis Bará Torres na data 12/03/2018 18:08:04